

## PSOE e Vilalba Aberta firman un pacto para sacar adiante as axudas a autónomos

Trala ruptura do pacto de Goberno entre Vilalba Aberta e PSOE, que tivo lugar cando non levaban nin un ano no poder, Elba Veleiro e Modesto Renda sentáronse de novo para unificar intencións nun documento co que impulsar as axudas a autónomos e unha serie de obras moi definidas. O pacto non supón recuperar o Goberno de coalición pero si permitirá aos socialistas dar para adiante a medidas e accións que non atoparon o respaldo da corporación ao estar esta en minoría. A previsión é sacar as novas axudas, que oscilarán entre os 850 e os 5.000 euros, nun prazo breve de tempo. **Pax. 2**

## A covid-19 remonta

A quinta vaga estendeuse polos concellos dunha comarca que non deixou dispararse as cifras de contaxios e recupera a actividade estival con limitacións



A covid volveu arrasar nunha quinta vaga que xa parece estar superando a curva de contaxios. Tras pasar unha boa etapa na que parecía todo controlado, coa chegada do turismo e do bo tempo o número de infeccións disparouse de novo, especialmente entre a xente moza, o colectivo que estaba sen a pauta de vacinación completa. O crecemento foi rápido pero do mesmo xeito está a baixar. Aínda que volveron as restricións estas non son tan rixidas como en vagas anteriores polo que os concellos recuperan a súa actividade festiva, mais con limitacións.

**friol.** O Concello executará obras no rural por valor de 400.000 euros. **Pax. 6**

**as pontes.** Abre no lago unha pista de area multi-deportiva. **Pax. 8**

**abadín.** O Concello inicia o proceso para facer unha residencia. **Pax. 12**

**outeiro.** Aprobado un criticado orzamento de 8 millóns de euros. **Pax. 18**

**meira.** O Concello sacará unha nova liña de axudas á hostalaría. **Pax. 20**

**castro.** Licitan por 355.400 euros a segunda fase da traída. **Pax. 22**

**deportes.** Vilalbés e As Pontes presentan os novos equipos. **Pax. 29**

## Convocada unha nova edición do FIV



Será do 17 ao 19 de setembro na mesma liña. **Pax. 2**

## Pardiñas diversifica datas en agosto



Reparte o programa en dúas fins de semana. **Pax. 14**

## Protestas polos cambios de Abanca



Críticas en Muras, Xermade e Cospeito. **Pax. 27**

## Ponse en marcha o programa Saborea a túa provincia

Púxose en marcha o programa Saborea a túa provincia cunha demostración das xornadas gastronómicas e lúdicas que percorreren a provincia. Utilizarán alimentos con distinción da súa calidade como a Faba

de Lourenzán, a Pataca Galega, o Pemento de Mougán, o Lacón, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregarán o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. **Pax. 25**



MONTURA DE MARCA +  
LENTES MONOFOCALES

Desde 99€

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

VILALBA  
Tel. 982 510 100  
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES  
Tel. 981 45 15 04

Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170



## NOVAS

vilalba

## O FIV celebrárase do 17 ao 19 de setembro

O FIV de Vilalba está de volta. Celebrará este 2021 a súa 14ª edición, os días 17, 18 e 19 do próximo mes de setembro. Serán tres días consecutivos de música e actividades, nos que os diferentes artistas actuarán simultaneamente nos escenarios situados na Praza da Constitución e no Campo da Feira. Enclaves que acollerán este novo FIV; espazos amplos que permiten a adaptación aos tempos e aos protocolos vixentes.

O cambio de escenarios respecto a edicións anteriores, así como a modificación das datas, garanta a celebración do festival e fan que o seu desenvolvemento sexa posible de acordo coas medidas sanitarias, e aseguran a súa viabilidade futura, segundo indican dende o Concello. O festival é tamén un dinamizador cultural do territorio. Polos seus diferentes escenarios pasaron recoñecidos artistas de primeira liña do panorama actual, e nesta edición manterase o aceno de identidade de perfil de bandas nacionais de corte indie / pop / rock, con algúns artistas xa habituais do festival.

Xoel López, Zahara, Novedades Carminha, La Bien Querida, Melenas, Ortiga, Dani, Momboi, Petit Pop, Magical Colours, beGun dj set e Rapariga Dj, son as confirmacións do cartel. O FIV contará ademais cun espazo para artistas emerxentes no que os e as asistentes terán a oportunidade de descubrir ás voces do futuro.

O FIV dará nesta edición continuidade á programación paralela do festival, aproveitando distintos espazos da localidade, dinamizando e ampliando a actividade na vila.



**CONVENIO.** A alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e o Conselleiro Delegado do Grupo Entrepinares, José Manuel García, asinaron esta mañá no Concello de Vilalba o convenio relativo á 14ª edición do FIV de Vilalba. O Grupo Entrepinares colabora no financiamento do FIV de Vilalba 2021. O Conselleiro Delegado, José Manuel García, subliñou como excelente esta colaboración entre o Concello e o Grupo Entrepinares e poñía en valor a importancia de apoiar a cultura nestes momentos de pandemia nos que se ten visto fortemente impactada pola crise do coronavirus. "Dentro da estratexia de sustentabilidade de Entrepinares, mantemos un compromiso coa sociedade como é esta cita cultural, que leva máis dunha década situando o nome de Vilalba no panorama de festivais a nivel nacional, onde non só consolidou o seu prestixio, senón que o incrementa ano tras ano".

## PSOE e Vilalba Aberta pactan inversións por máis de 1,4 millóns

O Grupo de Goberno do Concello de Vilalba (PSOE) e o Grupo Municipal de Vilalba Aberta veñen de asinar un acordo que subscribe a votación favorable no pleno do xoves 5 de agosto, para a incorporación de remanentes de tesouraría co obxectivo de financiar unha serie de actuacións consensuadas por ambas forzas. Incorporaranse á anualidade 2021 polo procedemento de modificación orzamentaria un total de 1.414.544,07 euros para poñer en marcha iniciativas. O primeiro dos acordos asinados por PSOE e Vilalba Aberta é o relativo á dotación de crédito para o Plan de axudas a autónomos, partida que poderá estar dispoñible tras o peche da liquidación e a incorporación deste crédito extraordinario. Esta liña de axudas, cun importe de 350.000 euros, estará destinada ao apoio do tecido produtivo e social de Vilalba. Deste xeito, aprobaranse unhas bases para a xestión e distribución de ditadas axudas, sendo destinatarias as empresas cuxa facturación anual non supere os 500.000 euros, e aos autónomos/as do Concello de Vilalba sempre que o seu establecemento se vise obrigado a pechar como consecuencia da crise sanitaria ou sectores que se visen especialmente afectados. O importe de cada axuda establecerase en función da actividade que desenvolva a persoa beneficiaria e variará entre os 850 e os 5.000 euros. O segundo punto consensuado abrangue a dotación de crédito para a execución de diversos proxectos



Firma do pacto entre Modesto Renda e a alcaldesa

de obra en diferentes vías e rúas municipais. Destinaranse 44.500 euros á pavimentación e rexeneración de vías na parroquia de Samarugo, 68.000 euros para a conservación e mantemento de vías na parroquia de Alba, 60.000 euros á conservación e mantemento de vías na parroquia de Rioaveso, 68.858,34 euros á mellora de vías municipais en Nete, Ladra, Distriz e Rioaveso, 164.000 euros en actuacións de mellora de diversos accesos a núcleos nas parroquias de Goiriz, Corvelle, Santaballa, Lanzós, Román, e outras, 24.982,34 euros no proxecto de mellora no vial de acceso a Bidueiros, 89.057,82 á pavimentación e mellora de vías municipais nas parroquias de Insua, Torre, A Costa e Ladra, 76.746,67 euros no proxecto e renovación da rede de abastecemento de auga nos accesos á Igrexa de Sancovade desde o núcleo urbano,

e 169.000 euros á mellora de accesos a barrios de Corvelle, Goiriz, Román, Carballido e Costa. Ademais, tamén se realizarán actuacións no casco urbano de Vilalba, como a humanización da Travesía dos Castros desde o seu cruce coa Rúa do Calvario ata o cruce coa Avenida Terra Chá (142.781,82 euros), aglomerado en Avenida Terra Chá (48.346,98 euros), demolición do parque acuático na área recreativa da Madalena co fin de mellorar as instalacións e eliminar un equipamento que non cumpre coas medidas de seguridade (48.399,19 euros) e o acondicionamento dunha praza na rúa da Emigración (59.870,91 euros). Ambos representantes coincidiron en afirmar que o acordo é un paso adiante nesta lexislatura, poñendo sempre por diante os intereses da veciñanza de Vilalba.

### ELECTRICIDAD

MONCHO SANTOME

**TRAÍGANOS SU FACTURA DE LUZ**  
**EL 97% DE LAS PERSONAS QUE NOS TRAE SU FACTURA DE LA LUZ CONSIGUE AHORRAR**

- Instalaciones eléctricas en general
- Líneas de media y baja tensión
- Antena TV
- Instalación voz y datos
- Instalaciones de energía solar
- Tienda de material eléctrico
- Lámparas

Telf. Oficina y Tienda 982 512 444 - Vilalba  
 monchoysantome@yahoo.es  
 www.monchoysantome.com



### ÚLTIMAS VIVIENDAS DE 97 A 112 m<sup>2</sup>



#### Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

982 512 444 - 659 080 853 - www.folgueirasinversiones.com



Un momento das obras en Uceira-Goiriz

## Comezan as obras na rúa das Pedreiras e en Uceira-Goiriz

O Concello de Vilalba iniciou as obras de reparación da rúa das Pedreiras polo que estará prohibido aparcar na mesma mentres continúen os traballos. Polo tanto só poderán acceder á zona os residentes.

O goberno recomenda o acceso a esta zona e aos do auditorio pola rúa Cotarón e propón o desvío para o centro urbano pola praia fluvial.

**UCEIRA-GOIRIZ.** Por outra banda, comezaron os traballos de acondicionamento do pavimento do vial municipal que dá acceso ao barrio de Uceira-Goiriz, no tramo que atravesa en dirección norte as parroquias de Sancobade e Goiriz, incluído o barrio de A Uceira, dende a estrada LU-120. Esta vía soporta unha importante densidade de tráfico lixeiro e pesado, debido ás explotacións gandeiras e agrícolas da zona así como ós vehículos de transporte destinados á explotación madeireira.

As obras contan cun orzamento próximo aos 50.000 euros e un período de execución dun mes. Para mellora e mantemento desta vía, propónse a limpeza de noiros, regularizar a súa superficie e executar unha nova capa de aglomerado. Ademais procederase á súa sinalización horizontal e vertical e habilitarase a cota dos pozos de reixtro existentes no seu percorrido.

tarase a cota dos pozos de reixtro existentes no seu percorrido.

**SAN ROMÁN.** Ademais, o Concello sacou a licitación as obras de rexeneración e sinalización da vía de titularidade municipal 065\_001, no tramo que comunica o colexio de Román coa estrada provincial LU-P-6504, situada entre as parroquias de Román e Árbol. Os traballos contan cun orzamento de 122.000 euros.

A estrada parte do núcleo de Vilalba e discorre en dirección Oeste-Este, atravesando as parroquias de Sancovade, Goiriz, Román e Árbol ata rematar na vía de titularidade provincial LU-P-6504. O seu trazado supera os 11 quilómetros de lonxitude. Realizarase a limpeza de noiros, regularización da superficie e a execución dunha nova capa de aglomerado en quente ademais de proceder á súa sinalización horizontal e vertical.

**INVENTARIO DE CAMIÑOS.** O Concello de Vilalba avanza a moi bo ritmo cos traballos destinados a ter o seu primeiro inventario de camiños. Realizados xa os mapas das parroquias coas vías, realízanse agora reunións cos veciños, co obxectivo de aclarar dúbidas sobre a titularidade de todos os camiños

## O Concello asume a xestión do servizo de madrugadores

O Concello asumirá a prestar o servizo de comedor nos centros educativos neste próximo curso. Ata o de agora, eran as propias Anpas de Vilalba as que xestionaban o servizo nas ludotecas coa colaboración do concello, sendo necesario trasladar posteriormente aos nenos e nenas en autobús aos centros.

O concello asume agora o servizo e sacarase a licitación. Neste próximo curso beneficiaranse do mesmo uns 60 nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria dos centros educativos de Vilalba que así o solicitaron. O horario será de 07:30 a 09:30 horas no CEIP Antonio Ínsua Bermúdez; o CEIP

Manuel Mato Vizoso e a Escola de Educación Infantil de Vilalba.

“Temos que atender a crecente demanda das familias dos centros de Educación Infantil e Primaria do noso concello, xa que o servizo constitúe unha peza clave para a conciliación da vida familiar e laboral, facilitando así a incorporación de homes e mulleres ao mercado laboral en igualdade de condicións”, explica Marta Rouco, concelleira de Servizos Sociais de Vilalba. Ademais, a edil engadiu que “cumprimos cun dos compromisos deste goberno, adquirido principalmente coas Anpas, asumindo a xestión directa deste servizo”.

## A casa da cultura acolle unha mostra de debuxo e pintura

O Instituto de Estudos Chairegos, lescha, en colaboración co Concello, organiza a exposición Debuxo e pintura de Isabel Pardo. A exposición poderá visitarse ata o 20 de agosto. A artista estuda actualmente Historia da Arte en Santiago, onde pasa a maior parte do tempo. Realizou dúas exposicións entre o 2017 e o 2019, participando, tamén nestes anos, en diversos actos sociais, pintando en directo. Algúns destes actos son o premio Agustín Fernández Paz, en Vilalba, e o premio Trapeiro de Honra a Raúl Río, nos Vilares, da man da NPG. Ilustrou o número 0 da revista NPGgazeta, e paralelamente o libro de poesía de Emilia Martínez Fuentes “Lendas e versos”

## Vilalba celebrará o San Ramón pero o barrio de San Xoán anula os concertos

O Concello de Vilalba atópase inmerso na preparación das festas de San Ramón e Santa María, que este ano terán un formato diferente debido á covid. A organización prepara o programa e está á espera de como evolucione a covid. Segundo avanzaron, este darse a coñecer aos veciños durante a próxima semana.

Por outra banda, a Asociación Cultural de Veciños do Campo de San Xoán, que recuperou este ano as festas na honra do seu patrón cun programa diferente, decidiu finalmente suspender a programación que fóra xa aprazada para o 6 de agosto por cuestións meteorolóxicas.

A decisión foi tomada debido ao falecemento de Cristina, vicepresidenta da asociación, ao que se sumou o aumento de casos de covid.

## O 77% das incidencias recibidas na Liña Verde foron solventadas

O servizo Liña Verde recibiu xa 897 incidencias, das que xa se resolveron o 77%. O tipo de comunicacións máis frecuentes son as que fan referencia ao alumeadado público, seguido de beirarrúas e estradas, mobiliario urbano, sinalización e semáforos e lixo.

Grazas á implicación directa da veciñanza, o consistorio tivo coñecemento de múltiples actuacións, algunhas de rápida solución.

Para poder empregar este novo servizo, é necesario proceder á descarga da APP Línea Verde, accedendo a google Play ou APP Store en función da tecnoloxía empregada no Smartphone de cada persoa

usuaria (Android/iOS). A descarga é gratuítas, debendo seleccionar o municipio sobre o que se quere comunicar a incidencia. O procedemento é rápido e sinxelo.

Para comunicar unha incidencia, basta con premer sobre o botón Nova incidencia, seleccionando a continuación a tipoloxía. De forma automática, a APP detecta as coordenadas nas que se ubica o desperfecto. O seguinte paso é adxuntar unha fotografía da incidencia e observación sobre a mesma. Unha vez enviada, persoal do Concello recibe a notificación e inicianse os trámites. O veciño é avisado no momento no que se soluciona.



**ACTUALIDAD**

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

**AUMENTA TU PENSIÓN**

Reclama el complemento de paternidad

**1ª CONSULTA GRATUITA**

Llámanos: 982 228 606

**VA VEIGUELA ABOGADOS**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.

982 228 606

veiguelabogados

veiguela abogados

## O PP tilda de “decepcionantes” os dous anos de mandato do PSOE

O Grupo Municipal do Partido Popular de Vilalba define como “decepción” os dous primeiros anos de mandato do goberno socialista. “É o goberno máis opaco e autoritario da historia de Vilalba e leva camiño de converterse no goberno máis ineficaz”. Ademais, “non ten un proxecto de futuro ningún para o noso municipio. O PSOE está deseñado para estar na oposición, pero non para gobernar”. Así o manifestou o portavoz, Agustín Baamonde, en rolda de prensa na que tamén participou a concelleira e presidenta da xestora, Sandra Vázquez, e o concelleiro popular Amador Guerra.

Os populares explicaron que se trata dunha decepción porque “non cumpre ningún dos propósitos cos que se presentaban: un eixo baseado nun goberno de esquerdas como alternativa aos 40 anos de goberno do PP e, como outro eixo, o dun goberno baseado nos principios de transparencia, consenso e eficacia”.

Sinalaron dende o Grupo Municipal do PP que sobre o primeiro eixo “o que fixo foi laminar o pacto de goberno de esquerdas de forma unilateral deixando claro que non conta con Vilalba Aberta nin os precisa para gobernar” e, sobre o segundo, “están a demostrar a falta de transparencia e de capacidade de diálogo tanto coa oposición coma cos veciños”; ademais de “non ser capaces de cumprir as súas propias promesas electorais”.

A este respecto, Baamonde explicou que “demostran a falta de transparencia e consenso co desprezo institucional absoluto aos órganos de goberno como son o pleno e as comisións nas que se delegan competencias”, segundo expuxo Baamonde. “Os plenos están baleiros de contido porque o goberno non executa os acordos plenarios. É dicir, os



Os representantes do PP en Vilalba, durante o balance da lexistura

acordos non serven para nada”. Neste caso, “o exemplo máis palmario é o plan de axuda á hostalería aprobado en xaneiro e incluso varias veces despois, pero que aínda en xullo segue sen ver a luz”. O voceiro criticou que “a alcaldesa tampouco reúne as comisións, excepto a de urbanismo de forma puntual”.

Baamonde explica que “nos temas importantes para Vilalba, a alcaldesa

retira as competencias ao pleno ou á xunta de goberno e resólveos por decreto.

Baamonde subliñou “dúas eivas importantes deste goberno: a carencia de presuposto e a incapacidade para cumprir as promesas electorais”. Por unha banda, están a gobernar co presuposto prorrogado que fora aprobado polo goberno do PP co voto en contra do grupo socialista.

## Acusan “escurantismo” no contrato da limpeza dos colexios

O PP insiste no “escurantismo” do goberno local que “non explicou como debiera o procedemento polo que se lle encargou á empresa pública Tragsa a prestación do servizo de limpeza dos centros escolares e outros edificios públicos”.

O voceiro popular, Agustín Baamonde, asegura sobre este asunto, que “existen informes contraditorios: mentres que os servizos xurídicos do Concello emitiron informe desfavorable; o goberno local encargou outro informe xurídico á outra admi-

nistración implicada, a Deputación, que informou favorablemente”.

Outro dos puntos que critican os populares é que “o prezo do contrato con Tragsa resulta ser superior ao das licitacións que non foron adjudicadas”; polo que, deste xeito, “o servizo sáelle máis caro ao Concello”. Ademais, advirte que “o convenio inclúe unha cláusula de salvagarda pola que o Concello tería que indemnizar á empresa pública no caso de que un xulgado así o determine”, entre outros problemas.

## Sacan a licitación o servizo de comedor da escola infantil



Comedor da escola infantil

O Concello de Vilalba sacou a licitación a prestación do servizo de comedor da Escola Infantil Municipal durante o próximo curso, prorrogable ata un máximo de tres cursos. A prestación do servizo de comedor supón o conxunto de tarefas precisas para a produción e elaboración de comidas, o transporte ao centro escolar, a atención os/

as menores ata a súa entrega aos seus proxenitores, e a recollida e limpeza da instalación. O orzamento base de licitación sen impostos é de 46.851,53 euros.

O concello asumiu a xestión do comedor na primavera, cumprindo coa súa promesa de que o servizo estivese operativo este mesmo curso.



**INSUA BERMÚDEZ.** As traballadoras e traballadores da limpeza e ordenanzas do colexio Insua Bermúdez de Vilalba manifestáronse polo impago de salarios e a non subrogación dunha traballadora pola nova adjudicataria Tragsa. A concentración realizouse diante do Concello de Vilalba.

### EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

DISTRIBUIDOR OFICIAL



**STARK**  
ET ALIQUO



DESCUENTOS ESPECIALES...



...desde un 70%  
en rodamientos  
populares

...y desde  
un 60%  
en correas  
industriales



**RYS  
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

# “Fai falta traballo, ideas claras e vontade de servir á xente”

## Modesto Renda é o líder de Vilalba Aberta

Vilalba Aberta facilitou o cambio de Goberno nunha alianza que lle permitiu estar uns meses no Goberno, pero trala a ruptura do pacto, ocupa un lugar destacado como oposición.

### Que valoración fai desta nova etapa na oposición?

En xuño de 2020 asumimos a saída do goberno sen dramas e sendo moi conscientes da nosa responsabilidade, máis se cabe tendo en conta que había tres anos de lexislatura por diante. E é por isto que, dende o día un da nosa volta á oposición, redobramos enerxías e traballo co obxectivo de levar a cabo unha labor de oposición municipal seria, rigorosa e en positivo. Un ano e dous meses nos que, pleno tras pleno, presentamos e conseguimos ver aprobadas iniciativas traballadas, contrastadas e por enriba de todo xustas; pero que se quedaron no caixón, logo de se atopar coa inacción e o boicot sistemático do goberno en minoría do Partido Socialista. Precisamos dun goberno que escoite en lugar de que bloquee. Fai falta traballo, ideas claras e vontade de servir á xente, incluída a que non pensa coma ti.

### E dende a oposición como ve estes dous anos de cambio de Goberno?

O que acadamos ámbalas forma-

cións políticas en maio de 2019 foi un fito histórico e moi pouca xente pode entender que, nun momento tan crítico económica e socialmente para a veciñanza, cun Concello paralizado; o PSOE vexa a Modesto Renda e a Vilalba Aberta coma rivais políticos en lugar de coma aliados cos que poñer a funcionar Vilalba.

Aínda con todo, a pesares do acontecido e da desilusión lóxica da xente, negámonos a crer que non existe máis alternativa que isto que temos agora ou a volta do Partido Popular. Cómpre unir á veciñanza en torno a ideas de sentido común, independentemente de onde veñan ou do que votaran no pasado, pois, o importante non son os partidos, son as persoas, os feitos e a capacidade de mellorar con pequenos pasos a vida dos vilalbeses/as. Con ese espírito, Vilalba sería imparabile.

### Dende o principio defendeu a posta en marcha das axudas covid.

O Programa Municipal de Axudas Directas a Autónomos e Empresas exemplifica perfectamente o anterior: Unha iniciativa que, como responsable de comercio defendín sen éxito no contexto do goberno de coalición e que, logo de que o PSOE decidira poñer fin ao pacto, conse-



guín, por ata tres veces ver aprobada en Pleno, aínda que sen efectos na práctica en base ao inexplicable bloqueio do Goberno Municipal. A nosa man segue tendida.

### Cales son as principais reivindicacións de Vilalba Aberta?

A aprobación duns Orzamentos, pois, máis alá dunha obriga do goberno, é condición indispensable para a recuperación económica post Covid. Non podemos entender que o PSOE siga gobernando por decreto co presuposto do PP e non pode haber descanso para Vilalba Aberta namentres as necesidades das parroquias, dos autónomos e das familias traballadoras non estean blindadas nunhas novas contas municipais.

Ao PSOE ofrecémoslle pactar os de 2020 e os de 2021.

### Cales son os principais problemas de Vilalba agora mesmo?

Que Vilalba sega a ser unha negativa excepción en materia de contratación e réxime interno, en base á incapacidade do goberno para sacar adiante a R.P.T. (Relación de Postos de Traballo) é unha cuestión central. Como central é a problemática que se deriva da incapacidade para desbloquear o P.X.O.M ou a problemática da traída municipal.

Por se fora pouco, un servizo público fundamental para a veciñanza de vila e parroquias, como é o de recollida de lixo e limpeza viaria suma, a día de hoxe, 10 meses fóra de contrato e as traballadoras do servizo de limpeza nos colexios e instalacións levan entre 9 e 12 meses sen cobrar.

### Nestes últimos días mostraron unha gran preocupación pola situación das traballadoras da limpeza.

Pois que, precisamente, falamos dunha problemática denunciada diante do goberno polas mesmas traballadoras e por Vilalba Aberta en decembro do pasado ano. A empresa acumulaba naquel intre tres meses de impagos; mais, de xeito incomprendible, un mes despois, en xaneiro de 2021 e xusto cando remataba a concesión, o goberno local non só non lle retirou o servi-

zo, senón que lle permitiu seguir prestando o contrato, malia incurrir claramente os pregos. É por isto que responsabilizamos ao goberno dos entre 6 e 9 meses impagos, posteriores ó vencemento do contrato con García Galcar.

### Tamén realizaron varias propostas. Que acollida tiveron?

Ao PSOE ofrecémoslle pactar que os 200.000€ do Fondo de Compensación Ambiental reverteran directamente nas parroquias. Lamentablemente, e do mesmo xeito que acontecía nas lexislaturas do PP, o seu destino segue a ser o casco urbano. E no que ten que ver coa necesidade de máis espazos para o aparcamento, entendemos que a decidida aposta pola humanización debe sempre ir da man da procura de alternativas de estacionamento. Lamentablemente as nosas iniciativas nese senso, aínda aprobadas por unanimidade como a relativa á posta en marcha da zona azul gratuítas, non foron tidas en conta.

### Que outros proxectos teñen?

No mes de setembro agardamos retomar as nosa aplaudida iniciativa Redes de Parroquia. Estamos a falar dunha serie de encontros parroquia a parroquia que nos permitían coñecer de primeira man as necesidades dos seus veciños/as e incorporalas á axenda política da corporación.

**XLII FESTIVAL DE PARDIÑAS**  
AGOSTO 2021  
FEIRA E FESTA DA MÚSICA E DA ARTE

|                      |   |
|----------------------|---|
| <b>6</b><br>VENRES   | <b>CAMPO DA FEIRA - GUIRIZ</b><br>20:00 Pasarrúas <b>AIRE XULIA</b><br>21:00 Pregón de <b>LUZ FANDINO</b> coa actuación de <b>ACORDEIRETA</b> <small>(alvo limitado)</small><br>22:00 CONCERTO de <b>TIRULEQUE</b> <small>(alvo limitado)</small>   |
| <b>7</b><br>SABADO   | <b>FEIRA DE PARGA - CAMIÑO NOROCCO DE SANTIAGO</b><br>11:30 <b>XXVIII MOSTRA DE INSTRUMENTOS DE MUSICA TRADICIONAL</b><br>12:00 Pregón - <b>CAMILO REGUEIRO</b><br>13:30 Pasarrúas <b>OS BREGADIERS</b><br>14:00 Xantar. Habrá pulpeira e churrasco<br>17:00 Actuación de <b>GALICIA FIDDLE</b> <small>(alvo limitado)</small><br>19:30 CONCERTO de <b>AIRIÑOS DA FREBA</b> <small>(alvo limitado)</small>  |
| <b>8</b><br>DOMINGO  | <b>FEIRA DE PARGA - CAMIÑO NOROCCO DE SANTIAGO</b><br>11:00 <b>XLII MOSTRA DE ARTESANIA</b><br>12:00 Animación Musical na Feira con <b>CAIVANCA</b><br>13:30 Pasarrúas <b>BRASSICA RAPA</b><br>14:00 Xantar. Habrá pulpeira e churrasco<br>17:00 Aberto de Billarda<br>19:00 CONCERTO de <b>BRASSICA RAPA</b> <small>(alvo limitado)</small>  |
| <b>27</b><br>VENRES  | <b>CAMPO DA FEIRA - GUIRIZ</b><br>20:00 Pasarrúas <b>ASUBIOS DA CHAIRA</b><br>21:00 CONCERTO con <b>BACKWEST (IRLANDA)</b> <small>(alvo limitado)</small><br>22:30 CONCERTO con <b>GUEZOS</b> <small>(alvo limitado)</small>  |
| <b>28</b><br>SABADO  | <b>CAMPO DA FEIRA - GUIRIZ</b><br><b>URBAN WITIRICUS IV</b> Edición, graffiti durante todo o día<br><b>HOMENAXE AS NENAS E OS NENOS</b><br>18:00 Espectáculo infantil <b>PACO NOGUEIRAS</b><br>19:00 Cinema: Curtas premiadas: <b>Días contados do IES POETA DIAZ CASTRO</b> de Guiriz e outras<br>20:00 Entrega dos premios do <b>XLII CERTAME TERRA CHA DE CREACIÓN INFANTIL E XUVENIL</b><br>21:00 CONCERTOS do <b>URBAN WITIRICUS IV</b> Edición con <b>HIGH PAW</b> e <b>SABINO</b> <small>(alvo limitado)</small> |
| <b>29</b><br>DOMINGO | <b>PARDIÑAS</b><br>11:00 Pasaaldea polos barrios de Pardiñas <b>OS CARUNCHOS</b> , e fin de festa-vermú na escola de Pardiñas   |

INDICACIONES COVID-19  
Será necesario estar vacunados previamente, tanto a visitantes, independentemente de onde reside, como a locais do municipio para facilitar a organización.  
A presenza física será en todo momento limitada e dispoñible para evitar aglomeracións e cumprir plans.  
Deseamos agradecerlle a súa comprensión e colaboración: [comunicacion@concellovilalba.es](mailto:comunicacion@concellovilalba.es)

**XLII FESTIVAL DE PARDIÑAS**  
FEIRA E FESTA DA MÚSICA E DA ARTE  
AGOSTO 2021

Participantes: Galicia, Xacobeo 2022, XUNTA DE GALICIA, IES POETA DIAZ CASTRO Cultura, CONCELLO DE GUIRIZ, Estrella Galicia, agg.



**JRoca**  
INMOBILIARIA



**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

|  |
|--|
| <p><b>Campo de Puente 12, Vilalba</b><br/>Local   73m<sup>2</sup>   94.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar totalmente instalada en calle céntrica, en plena zona de paso.</p>  |
| <p><b>Avenida da Terra Cha 23, Vilalba</b><br/>Terreno / Urbano (solar)   215m<sup>2</sup>   130.000€</p> <p>Se vende casa en mal estado de conservación en la esquina de la avenida Tierra Llana y la calle de Guíñez de Vilalba (Lugo). Se puede edificar bajo, cuatro plantas y ático.</p>  |
| <p><b>Calle Lameirón, Vilalba</b><br/>Terreno / Urbano (solar)   650m<sup>2</sup>   90.000€</p> <p>Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.</p>   |
| <p><b>Campo de Puente 84, Vilalba</b><br/>Edificio residencial   800m<sup>2</sup>   150.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso 1º acondicionado de unos 150 metros y 4 pisos más y un ático en bruto.</p>  |
| <p><b>Suso Gayoso 11, Vilalba</b><br/>Local   280m<sup>2</sup>   210.000€</p> <p>Se vende o alquila local en esquina en el centro de Vilalba (Lugo), tiene 140 metros en planta de calle y 144 metros en el sótano. Se trata de la antigua oficina del Banco Santander.</p>  |
| <p><b>Coto 15, Vilalba</b><br/>Casa rural   1 Dorm   0 Baño   256m<sup>2</sup>   40.000€</p> <p>En las proximidades de Vilalba (Lugo), cerca del molino del rañego ofrecemos una casa con fachada en piedra, que tiene echada la placa y que se vende así, para que la termine el comprador. En la finca hay otra construcción, que se puede acondicionar como vivienda. La casa dispone de licencia para arreglar la fachada y el tejado.</p> |
| <p><b>Herrería 25, Vilalba</b><br/>Casa / Chalet adosado   3 Dorm   1 Baño   153m<sup>2</sup>   55.000€</p> <p>En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.</p>  |
| <p><b>LU-P-6510, Vilalba</b><br/>Casa rural   3 Dorm   1 Baño   200m<sup>2</sup>   45.000€</p> <p>Casa formada por planta baja y alta, de unos 100 metros cada una. Tiene bien el tejado, la fachada y las ventanas. El interior hay que reformarlo. A mayores dispone de un garaje adosado a la casa y una palleira de piedra frente a la misma. Se encuentra a unos 11 km del centro de Vilalba (Lugo).</p>                                  |
| <p><b>Muras 2, Vilalba</b><br/>Piso   3 Dorm   1 Baño   80m<sup>2</sup>   95.000€</p> <p>En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.</p>  |
| <p><b>Campo de Puente, Vilalba</b><br/>Piso   3 Dorm   2 Baños   100m<sup>2</sup>   103.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso de tres habitaciones y sala, dos baños y cocina. Tiene calefacción individual de gas ciudad, ascensor y una plaza de garaje amplia en el sótano 1. La vivienda tiene orientación Sur.</p>  |
| <p><b>Avenida de Galicia, Vilalba</b><br/>Piso   3 Dorm   2 Baños   100m<sup>2</sup>   29.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende piso cuarto sin ascensor, de tres habitaciones y sala, baño y aseo, cocina y dos terrazas. La vivienda tiene a mayores y como anejo un desván. Dispone de calefacción de gasoil. Esta situado muy cerca de la zona escolar y a un paso del centro.</p>   |
| <p><b>Grupo As Fontiñas 1, Vilalba</b><br/>Piso   4 Dorm   2 Baños   99m<sup>2</sup>   40.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Muy luminoso y próximo a los colegios. Se trata de un primer piso sin ascensor.</p>  |

**Inmobiliaria JRoca Plaza Suso Gayoso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720**

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal**

**Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720**

[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)

friol

## O Concello executará obras no rural por valor de 400.000 euros

O Concello executará obras no rural por un importe de 400.000 euros, así dende o equipo de goberno do Concello de Friol segue a traballarse nos distintos proxectos que se pretenden levar a cabo. En esta ocasión, adxúdicáanse catro proxectos, tres de pavimentación e mellora da vías e accesos, e un de aforro e eficiencia enerxética no alumado público.

Un dos proxectos trátase da mellora na pista de Bernadal a Freiriá, accesos en A Grela, San Román, Centro Social do Pacio, Xulacasa, Portonovo e Cerracín, adxudicado á empresa Construcciones Cholo S.L..

O segundo proxecto é o de pavimentación de vial Currás – Torreda Luz – Xiá, adxudicado á empresa Construcciones Rafer S.L.. A terceira obra adxudicada é “Pavimentación dos vias de acceso aos núcleos de A Casanova, Prado e

Castrodá, que resultou adxudicataria a empresa Adecom Obras y Servicios S.L.. E a cuarta e última obra adxudicada é a de aforro e eficiencia enerxética nos alumados públicos de Cimadevila (Narla), Pena (Cotá) e Ramelle”, que foi adxudicada a Solarel S.L.. A execución de estas catro obras suman unha inversión de case 400.000 €.

Os tres primeiros proxectos son contratos que se financiarán con cargo ao Plan Único, e o cuarto e último, de aforro e eficiencia enerxética, finánciase con cargo a unha subvención concedida ao Concello ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental.

Son todos proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, xa que se trata de realizar melloras e mantementos de vías, accesos e luminarias municipais de varias parro-

quias do municipio.

As vías e accesos referidos teñen o firme en malas condicións debido, entre outras cousas, ás condicións normais do tráfico, ó paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, ás condicións atmosféricas e ó paso dos anos. Debido a isto resulta complicado o paso de vehículos en algunhas zonas.

E co cambio de luminarias preténdese conseguir unha redución dos custos enerxéticos e de mantemento redución de emisións de CO2 e outros gases de efecto invernadoiro, mellora na calidade lumínica, etc.

Todas estas actuacións traerán unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños e o cambio das luminarias, facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

## Programación cultural os sábados

O concerto Músicas para O Xacobeo, da banda de música Sons e Soños, abriu o 31 de xullo, na praza Andón Cebreiro de Friol, unha serie de actividades culturais que se desenvolverán todos os sábados do es de agosto.

Neste concerto inicial participou a Asociación Galega de Custodia do Territorio xa que estivo dedicada esta sesión á Conservación do Patrimonio Natural Galego. A iniciativa foi financiada polo proxecto O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia.

A programación continuará o día 7,

ás 19.00 cun concerto da banda folk Os D'Abaixo, que dará comezo ás 19.00 horas.

Tamén á mesma hora, pero o 14 actuará Carapaus, tamén de folk tradicional.

Haberá espazo para a maxia o sábado 21, tamén ás 19.00 horas, co espectáculo de Dani García.

A programación pecharase co espectáculo infantil de Truque Matruque, que terá lugar no parque Rosalía de Castro mentres que o resto de actuacións serán na praza Andón Cebreiro.



### EN BREVE

**BENESTAR ANIMAL.** A Aula de Formación do Centro Colaborativo de Friol acollerá do 30 de agosto ao 3 de setembro un curso sobre benestar animal no transporte, que se impartirá de 10.00 a 14.00 horas. Esta formación está organizada polo GDR Comarca de Lugo e o prazo de inscrición está xa aberto.

**CURSO INSEMINACIÓN.** O Centro Colaborativo de Friol acollerá o 26 de agosto, xoves, unha novo curso formativo organizado polo GDR Comarca de Lugo. Neste caso, a temática do curso será sobre inseminación artificial de gando bovino. O curso desenvolverase entre as 10.00 e as 18.00 horas e a inscrición para o mesmo xa está aberta. Ofrécese máis información no 630 770 112.

## Abre unha mostra de María José Rodríguez

A Casa da Galbana de Friol abriu unha nova exposición, coa obra da coruñesa María José Rodríguez. *O camino das estelas: tecendo culturas* é a colección que a Sala Multiusos acollerá ata o luns 30 de agosto. A obra de María José Rodríguez busca “visualizar a beleza do Camiño de Santiago, a súa xente, a súa gastronomía, os sentidos na procura dese coñecemento universal que nos achegue a todas as persoas, sen importar de onde procedamos”.

A mostra pode visitarse todos os días, incluídos sábados e domin-



gos, de 11.00 a 14.00 horas. Tamén pode visitarse en outro horario concertando unha cita por whatsapp no 673 674 722.

# VILALBA ABERTA, A VOZ DA VECIÑANZA NO PLENO MUNICIPAL

- ✔ Proposta de acordo para que os fondos do Canon Eólico se destinen ás parroquias no que resta de lexislatura.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Programa municipal de axudas directas a autónomos e empresas con memoria económica e de tramitación por valor de 500.000€.  
**3 Veces aprobado en Pleno**
- ✔ Sistema municipal de cheques á conciliación como medida de apoio ás familias traballadoras.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Plan de Ordenación das actuacións sobre as diferentes pistas e camiños de titularidade municipal.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Proposta de financiamento do Centro de Día con cargo dos Fondos Europeos de Recuperación.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Exención do pago das taxas de auga, saneamento e lixo aos negocios afectados polos peches.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Exención do pago dos recibos aos veciños/as afectados pola problemática da traída.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Zona azul gratuita para regular o estacionamento na Rúa da Pravia e Plácido Peña.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Regulación do estacionamento no aparcadoiro subterráneo da Praza da Constitución.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Proxecto de revitalización do Mercado de Abastos logo de cinco anos de abandono.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Creación dunha comisión para o control da redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Proposta de reordenación urbana, a fin de favorecer a hostalería e a seguridade dos peóns.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Cumprimento das responsabilidades do Concello co Museo de Prehistoria e Arqueoloxía.  
**Aprobado en Pleno**
- ✔ Reivindicacións do colectivo LGTBI de vila e parroquias.  
**Aprobado en Pleno**

## Parroquia a parroquia, non só antes das eleccións

Dende o comezo da lexislatura e ata a chegada da Covid, Vilalba Aberta converteuse na primeira forza política vilalbesa en dar resposta ao que tantos veciños/as das parroquias reivindicaban: *As reunións nas parroquias, durante os catro anos e non só en campaña electoral.*

Dito e feito. A idea foi todo un éxito e, se a situación epidemiolóxica así o permite, en Setembro retomaranas en San Simón.

## Traballo, diálogo e propostas de sentido común.



## Vilalba Aberta: O azoute da parálise municipal

Máis alá da inxente labor propositiva e grazas ao seu traballo no día a día, o Grupo Municipal de Vilalba converteuse "de facto" na única alternativa á inacción do goberno municipal no que vai de lexislatura.



Así, a labor de fiscalización da formación municipalista levouna a advertir antes que ninguén da situación laboral do servizo de limpeza en colexios e instalacións municipais, trasladando inmediatamente a cuestión ao Pleno.

Do mesmo xeito, a situación do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria (10 meses fóra de contrato); os problemas na Residencia de Maiores; o caos do Concello en materia de persoal; ou cuestións trascendentais para a veciñanza das parroquias como o incumprimento da ordenanza que regula a actividade madeireira, os problemas de saneamento e as deficiencias nas labores de roza en beiravías e cunetas; debatéronse no Pleno a iniciativa de Vilalba Aberta.



## O Concello crea un boletín informativo dixital

O Concello lanza un novo servizo de información, vía e-mail a través do que dará conta da información municipal de interese para a cidadanía. Lorena Tenreiro, concelleira de Organización Interna e Medios Locais, apunta que “con este servizo abrimos unha nova liña de información fluída, inmediata e directa, para mellorar as canles de participación e transparencia das que dispón o Concello. Buscamos reforzar as vías de comunicación coa cidadanía incorporando as novas tecnoloxías”.

Mediante este boletín informativo a veciñanza, que así o desexe, recibirá no seu correo, un resumo informativo das principais das novas das Pontes que lle permitirá estar ao tanto da xestión municipal. Aquelas persoas que queiran dar-

se de alta neste novo servizo deberán inscribirse a través da web municipal, cubrindo un formulario no que deberán indicar o seu nome e o enderezo electrónico.

Esta nova vía súmase ao sistema de avisos vía whatsapp, que desde a súa posta en marcha a comezos do mes de xuño, suma preto de 700 subscritores/as.

A newsletter complementa este servizo de alertas informativas diarias con información sobre as actividades e proxectos postos en marcha desde as diferentes concellerías, contidos de carácter institucional, contidos de alcaldía, urbanismo, economía, seguridade cidadá, benestar social ou desigualdade, entre outros, así como información sobre a programación cultural ou deportiva.

## Comeza a funcionar no lago unha pista de area multideportiva

O Lago das Pontes contará cunha pista de area destinada á práctica de múltiples disciplinas deportivas. Con esta actuación, a contorna do lago segue ampliando o seu completo aproveitamento deportivo.

Cun orzamento de 47.723,56 €, que proveñen dos fondos propios do Concello, a pista deportiva contará cun perímetro de 41x34 metros e unha superficie dunha capa nivelada de 40 cm de espesor de area fina. Estas características permiten que se adecúe á normativa establecida para todas as disciplinas deportivas que se pretenden realizar sobre este terreo de xogo.

Esta pista localízase na espazo sur da zona recreativa do lago co obxectivo de que sexa compatible coa realización doutras actividades e eventos deportivos que xa se veñen dispu-



A nova pista de area

tando anualmente no Lago. O emprazamento permite tamén unha correcta interrelación cas persoas usuarias da praia.

A execución desta instalación deportiva de area responde á demanda de diferentes entidades deportivas de

contar cun espazo ao aire libre que permita desenvolver competicións e adestramentos destas disciplinas sobre area. Rugby, voleibol, balonmán ou fútbol son os deportes aos que está dirixido principalmente este novo espazo.

## Os menores deberán levar unha autorización para asistir ás actividades culturais nocturnas

Ao abeiro do artigo 61 do Decreto 2816/1982 do 27 de agosto, para acceder con menores ás actividades programadas polo Departamento de Cultura durante o verán de 2021, en horario de noite, será preciso presentar, xunto coas entradas ou invitacións para os espectáculos, unha autorización de acceso ao recinto ou de custodia no caso de que os/as de menores non vaian acompañados/as polos seus pais/nais ou titor/a legal.

Esta autorización debe ir acompañada do orixinal do DNI ou partida de nacemento da persoa que o solicita, do pai, nai ou titor legal que asina a autorización.

Ademais deberá levar o DNI, NIE ou Pasaporte da persoa que custodia ao/á menor durante o evento.

Adxuntarase tamén a documentación relativa á tutela: folla do certificado rexistral de nacemento onde apareza a patria potestade.

## O CEIP Santa María reduce un aula en infantil polo descenso de matrícula

O CEIP Santa María reunificará este ano as unidades de educación infantil debido a un descenso de matrícula. Deste modo, de tres aulas pasará a ter dúas para o grupo de pequenos de 3, 4 e 5 anos de idade. A nova xerou unha serie de comentarios que a Anpa viuse na obriga de desmentir: “Desde a Anpa do Ceip Santa María queremos aclarar que o noso centro non se pecha. É algo que nunca estivo enriba da mesa. Hai unha reestruturación debido a un descenso nas matrículas motivado

pola baixa natalidade neses anos”. “Sabemos que é unha situación coxuntural que co esforzo de todos debemos tratar de que non se repita o vindeiro curso”. O noso obxectivo é traballar sen descanso para lograr que se matriculen moitos nenos e nenas no noso centro, amosando todo o que temos que ofrecerlles”, explicaron os pais.

O colectivo quixo tranquilizar ás familias asegurando que a calidade educativa do centro non se vai ver afectada e que os pequeno conta-

rán con aulas con pouco alumnado “con docentes que son grandes profesionais que, como cada ano, darán o mellor de si mesmos para que os nosos nenos e nenas reciban unha educación de calidade”.

Para este curso, hai matriculados en infantil 5 nenos de 3 anos, 7 de 4 e 8 de 5. A estes súmanse os 150 que hai previstos no resto de cursos.

Os pais conclúen coa petición de que “nos axudedes a parar esta vaga de rumores que tanto prexudican á comunidade escolar”.

Vaia, vaia...  
**50 GIGAS pola cara!**

**Fibra 1.000 Mb**

**Móbil 25 GB  
+ 25 GB EXTRA  
PARA SEMPRE**

**8€ /mes**  
DURANTE 4 MESES  
Despois 44€

PARA SEMPRE!  
**GIGAS x2**  
coa tarifa 25GB

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo

Chama gratis ao  
**900 651 679**  
[www.adamo.es](http://www.adamo.es)



# Adxudicada a primeira fase da obra da avenida de Ortigueira

A Xunta de Goberno Local adxudicou primeira fase das obras de mellora de pavimentos e servizos da avenida de Ortigueira, no tramo comprendido entre a avenida de Villalba e a rúa do Concello.

O proxecto, cun orzamento de licitación de 140.382,28 euros a cargo da Deputación da Coruña, permitirá a eliminación do desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como a mellora dos servizos de iluminación e saneamento. Entre os traballos previstos inclúense o retranqueo dos farois e sinais de tráfico, a demolición da beirarrúa e o bordo así como a demolición e o fresado do firme existente, o recrecido de pozos de rexistro e o varrido da superficie viaria.

O afirmado da zona de rodadura e



Avenida de Ortigueira

aparcamentos realizarase mediante formigón bituminoso cun acabado impreso e a beirarrúa peonil realizarase con baldosa prefabricada de cor. Procederase, así mesmo, á instalación de sumidoiros e a separación da rede de pluviais da rede de sanea-

mento. En canto á iluminación pública inclúese a colocación de novas luminarias e nos pasos de peóns instalaranse captafaros LED e sinais de paso luminosas. As obras finalizarán coa instalación de papeleiras, xardi-neiras e bancos.

# As Pontes opta aos premios SEMS 2021

O Concello das Pontes opta aos premios da Semana Española da Mobilidade Sostible (SEMS) 2021, promovidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, co proxecto de transporte colectivo ao polígono industrial de Penapurreira, posto en marcha pola administración local no 2016. O Concello das Pontes presentou a súa candidatura aos premios SEMS para concellos nos que se valorarán as medidas permanentes implementadas nos municipios españois dirixidas a sensibilizar e promover o uso de modos de transporte máis sostibles e dar a coñecer os seus beneficios na saúde pública e no

medio ambiente.

O plan de transporte colectivo ao polígono de Penapurreira foi posto en marcha en colaboración coas empresas locais do sector do transporte de viaxeiros e coas diferentes empresas ubicadas nos polígonos industriais do municipio, que conta con diferentes rutas circulares que percorren a vila, dándolle cobertura ao horarios laborais, de entrada e saída, a través de 6 quendas.

Entre as principais vantaxe deste plan de transporte destacan a redución do estres que provoca a conducción, a diminución dos accidentes intinere así como redución do abstentimos laboral e permite facer un mellor usos dos espazos de aparcadoiro.

# Reparten manteis ecosostibles para apoiar á hostalaría

O Concello das Pontes iniciou o reparto de 60.000 manteis individuais desbotables ecosostibles entre os establecementos hostaleiros locais co obxectivo de colaborar co sector a cumprir coas medidas sanitarias impostas pola covid 19, entre as que se esixe a utilización de manteis de papel de un só uso, en substitución da tradicional mantelería téxtil, contribuíndo, ao mesmo tempo, a facer fronte ao custe económico engadido que esta media ten para o sector.

Esta promoción “está relacionada co patrimonio e a historia de vila polo que o aproveitamos para recordar a efeméride do 650 aniversario da entrega da Vila das Pontes a García Rodríguez, a través dun deseño colorido que nos leva polos elementos máis representativos da vila”, engade a concelleira Elena López.

Os manteis están elaborados, exclusivamente, con cana de azucre, concretamente cos residuos xerados pola industria transformadora, facendo que os manteis sexan 100% biodegradables e 100% compostables, podendo convertese en abono, de forma directa, a través do seu proceso natural de descomposición. “Son ecosostibles, producíndose sen talar árbores e contribuíndo a reducir a pegada de carbono” engade López.

Os manteis están elaborados, exclusivamente, con cana de azucre, concretamente cos residuos xerados pola industria transformadora, facendo que os manteis sexan 100% biodegradables e 100% compostables, podendo convertese en abono, de forma directa, a través do seu proceso natural de descomposición. “Son ecosostibles, producíndose sen talar árbores e contribuíndo a reducir a pegada de carbono” engade López.

# O Concello rehabilitará o pavillón do Ceip A Magdalena

Xa está aprobado o expediente de licitación das obras de rehabilitación e conservación do pavillón polideportivo do colexio público A Magdalena. O proxecto, cun orzamento de 127.409 euros con cargo á Deputación da Coruña e a fondos municipais, está dirixido á rehabilitación da pista polideportiva e ven a completar as inversións realizadas nos centros deportivos.

No polideportivo do Ceip A Magdalena procederase á extensión dunha lámina de polietileno de galga que evitará a penetración da humidade e a condensación de vapor de agua que dificulta a práctica deportiva durante a época invernal.




A mellora da pista deportiva rematará co pintado das liñas de xogo e a substitución do actual sistema de iluminación por un de maior eficiencia. Os traballos tamén permitirán a substitución da actual cuberta do edificio

e a redistribución dos vestiarios de árbitros para que poidan ser empregados por persoas con mobilidade reducida. Tamén se porá pavimento continuo antiescorregante e impermeable na entrada porticada.

## Playa del Coto

Frente al aparcamiento del antiguo complejo

San Cosme de Barreiros - Tel.: 650 881 799



43°33'19.1"N 7°10'32.1"W

DEL 22 DE JUNIO AL 12 DE SEPTIEMBRE

HORARIO CONTÍNUO

Servicio de terraza - Comida para llevar

Ampliación de carta con nuevos productos

Pulperia **MARIO** de Viveiro

CENAS  
COMIDAS  
PULPO

SERVICIOS DE CATERING  
FERIAS, COMIDAS, CENAS  
BODAS, BANQUETES  
Montaje para Eventos y ALQUILER  
DE CARPAS



Momento no que se levantou a acampada

## As auxiliares de Endesa levantan a acampada

Tras 18 días, o persoal das auxiliares de Endesa acordou levantar a acampada indefinida que mantiñan nos xardíns do Concello, tralas xuntanzas mantidas coa Xunta nas que se logrou o compromiso de que o Goberno galego mediará ante a empresa para garantir o emprego.

Neste senso, os representantes sindicais da coordinadora das auxiliares valoraron "que a presión social e unitaria forzou un cambio de actitude na Xunta, que está a adoptar un rol máis activo e construtivo na defensa do emprego e da vila".

Deste xeito, está comprometida unha próxima reunión na que participarán a administración galega, Endesa e o comité de crise das Pontes, para abordar a situación actual e tratar os compromisos laborais e industriais que a empresa debe adquirir no curto prazo, concretando as alternativas de continuidade que empreguen o persoal das auxiliares que fican sen actividade.

Durante o tempo que se mantivo a acción de protesta, conseguiuase un cambio na postura da Xunta a respecto do proxecto de continuar a actividade da térmica con biocombustíbeis. Unha alternativa que a propia Endesa descartou dende un inicio pero á que o goberno galego se aferraba.

Amado engade que a representación sindical segue reclamándolle á Xunta que se asine xa o protocolo do Convenio Transición, pois aínda que o goberno galego asegurou que non se van perder recursos económicos por non ter en marcha dito convenio, tampouco quixo comprometer a súa sinatura.

Francisco Conde, avanzou que a Xunta vai solicitar unha xuntanza con Endesa na que participe o grupo de traballo por unha transición xusta nas Pontes, para concretar as alternativas que permitan manter a actividade e o emprego na central das Pontes.

## O Secretario de Estado de Turismo supervisa os proxectos locais

O Secretario de Estado de Turismo, Fernando Valdés, visitou a comarca do Eume co obxectivo de coñecer, de primeira man, os proxectos turísticos que se están a desenvolver nas Pontes e na comarca do Eume e cos que se aspira a formar parte dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, promovidos polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Unha visita, que en palabras do Secretario de Estado de Turismo "significa apostar polo futuro do turismo en España e, en concreto, do turismo en Galicia e na comarca do Eume. Desde fai tempo vimos colaborando co municipio e coas autoridades da Deputación para tratar de ver cales son as posibilidades do proxecto turístico da comarca para desenvolver unha oferta turística de calidade que permita mellorar non só a conservación do territorio e a posta en valor dos seus recursos senón tamén para que sexa unha proposta concreta de futuro que permita desestacionalizar a demanda e xerar un turismo de referencia desde o punto de vista do deporte activo, que axude no conxunto de España nunha proposta de benestar para a comarca! O percorrido comezou cunha visita ao lago das Pontes onde o alcalde



O secretario de Estado de Turismo, xunto ao alcalde e outras autoridades

das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado pola concelleira de Turismo, Elena López e a deputada en Madrid, Montserrat García, foros os encargados de darlle a coñecer ás principais fortalezas turísticas das Pontes, tanto no ámbito do turismo de deporte, familiar e medio ambiental, así como de adiantar algúns detalles das propostas dirixidas a converter ao Eume nun destino turístico de referencia. Así, González Formoso expúxolle ao Secretario de Estado de Turismo os principais contidos do Plan de Sustentabilidade Turística da comarca do Eume 2021. Entre as accións propostas destacan a creación de diversas áreas de caravanas, a creación dunha ruta de mira-

dores do Eume, a posta en marcha dun novo servizo de bicicletas eléctricas, instalación de bungalows flotantes no lago, a preparación dunha exposición itinerante dos restos arqueolóxicos deste municipio ou dunha ruta cultural sobre os mosteiros da comarca e da familia Andrade.

Ademais propóñense melloras nos accesos ao Parque Natural Fragas do Eume por A Capela, o acondicionamento do mirador da Carboeira e do situado na parroquia de Soarrea no concello de Cabanas e a implantación de solucións tecnolóxicas turísticas no Castelo de Nogueirosa, no Lago das Pontes e nos Mosteiros de Caaveiro, Monfero e a Capela, entre outras cuestións.

## Axilizan as obras do saneamento en Bermui

O Concello das Pontes adxudicou en Xunta de Goberno Local á empresa Excavaciones Saavedra y López, as obras da primeira fase de mellora do saneamento na parroquia de Bermui.

Un proxecto, cun orzamento de licitación de 107.720 euros, que permitirá a execución da estación depuradora e a canalización da rede ata os lugares de a Graña e O Caxado.

O colector principal discorrerá desde a parcela onde se situará a estación depuradora ata o núcleo da Graña, e conectarase co

colector proveniente do núcleo de O Caxado a unha profundidade suficiente que garanta a conexión dos colectores que se executarán con posterioridade. Para a depuración das augas residuais optase pola instalación dunha fosa séptica prefabricada dotada con filtro biolóxico para separar sólidos, escumas e graxas; a metabolización da materia orgánica e un filtro biolóxico para a depuración dos restos orgánicos. Finalmente, procederase á reposición dos pavimentos ao estado actual.

## Adxudican obras no camiño do Couce Seco e en estradas autonómicas

A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes adxudicou as obras de mellora do camiño municipal de Couce Seco, na parroquia do Freixo, á empresa Adecon Obras y Servicios. As obras, cun orzamento de 66.808,94 euros con cargo aos fondos Agader, permitirán a rehabilitación deste camiño pra dotalo dunha óptima calidade, tanto superficial como estrutural, aumentado a súa seguridade.

Entre os traballos que se levarán a cabo destacan o varrido de superficie e limpeza de marxes así como a limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invada o vial.

O firme do camiño mellorarase mediante a reparación das fochancas existentes e a execución dun rego

semiprofundo con grava e dobre tratamento superficial con grava, con idénticas características ao actual.

As obras de mellora dos camiños municipais parroquias permiten ao goberno local continuar co proxecto de mellora das infraestruturas no ámbito rural co obxectivo de favorecer a calidade de vida da veciñanza.

**OBRAS XUNTA.** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por preto de 800.000 euros as obras de mellora do firme en tres estradas autonómicas das comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal, que comezarán nas vindeiras semanas.

Os traballos consistirán no acondicionamento da capa de rodadura das estradas de titularidade da Xunta AC-101, AC-110 e AC-566, ao seu paso polos concellos de Narón, Valdoviño, Cedeira, As Pontes, Ortigueira, Cerdido, Moeche e As Somozas. A intervención, adxudicada á empresa Arias Infraestruturas, prevé iniciarse na segunda quincena de agosto, co obxectivo de tela rematada este ano. As obras contan cun

prazo de execución de catro meses. Na estrada AC-101 actuarase entre os puntos quilométricos 9+915 e 11+530 e do 16+850 ata o 17+800; na AC-110, nos primeiros 10 quilómetros de estrada, entre os puntos 0+600 ao 10+200; e na AC-566 entre o 1+100 e 8+000, 16+150 e 17+150 e do 29+200 ata o 41+400.

Os traballos inclúen a mellora do firme das estradas mediante o fresado de 5 centímetros da capa de rodadura e posterior reposición mediante unha capa de mestura bituminosa do mesmo espesor. Nas zonas non urbanas das estradas realizarase tamén a limpeza e reperfilado dos noiros e se reporán as marcas das vías nas que se actúa e en todos os cebreados e marcas das 3 estradas. Ademais, nos treitos máis fisurados, sinuosos ou esvaradíos da AC-566, estenderase una capa de microaglomerado. Nesta estrada, no punto quilométrico 6+900, tamén se reforzará a seguridade nas paradas de autobús mediante a pavimentación con 21 centímetros de formigón, limitada con bordos.



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

URXENCIAS  
24  
HORAS

# Os sendeiros da natureza pontesa

**Percorridos pola contorna da vila para fomentar o sendeirismo e inculcar valores como o medio natural entre a veciñanza e visitantes**

## SENDA DA RIBEIRA

A senda arrinca xunto á emblemática Ponte de García Rodríguez, que data do ano 1376, tamén coñecida como Ponte Vella ou Ponte dos Ferros. Esta construción recibe o nome do cabaleiro García Rodríguez de Valcárcel, o señor destas terras, que a mandou levantar en agradecemento á axuda prestada na guerra contra o seu medio irmán, o rei Pedro I de Castela, O Cruel.

Tras atravesar un pasadizo, o roteiro transcorre por un paseo de madeira xunto ao río Eume e á igrexa de Santa María do século XVI.

Ao chegar á ponte de Isabel II, construída en 1862, o carreiro cruza o río por unha ponte

metálica e continúa pola marxe esquerda, ascendendo augas arriba, ata situarse debaixo do muro da presa.

Unha curta subida en zigzag alcanzará a área recreativa da Ribeira, o lugar máis alto do roteiro. Logo crúzase a presa e descéndese por un paseo peonil, xunto á área recreativa da Ribeira Nova.

O percorrido entra na vila novamente a través do Parque do Eume, pasando previamente xunto ao muíño da Ribeira. Xa chegando ao final do traxecto pódese admirar o muíño de Alende, do ano 1805.

Este itinerario ten un trazado fácil e atractivo que enlaza varias veces co carreiro PR-G 147.



Fotografía (arriba e abaixo) de distintos puntos do roteiro da Ribeira

## SENDA DA RIBEIRA

- GPS inicio: 43.445278, -7.851528
- 1 hora e 45 minutos
- 130 m. de desnivel de subida
- 130 m. de desnivel de baixada
- 6 km. distancia horizontal
- Percorrido circular
- Severidade do medio: 1
- Orientación no itinerario: 2
- Dificultade no desprazamento: 2
- Cantidade de esforzo: 2



## AS FRAGAS DA RIBEIRA E DO LOSTEGAL

Este roteiro é ideal para facelo en verán ou en outono e é un itinerario circular de percorrido esixente que conta con desniveis pronunciados e unha lonxitude de 19 km, polo que é máis adecuado para un sendeirista habitual que conte cun nivel mínimo de destreza, especialmente en inverno. Pode percorrerse en calquera sentido, pero se se comeza en sentido contrario ás agullas do reloxo afrontase a máxima pendente

ao inicio e con plenitude de forzas. Comezando no Parque da Fraga subírase ata o monte Alto da Carballeira, a 667 metros, dende onde pode divisarse unha magnífica paisaxe da vila e do recentemente formado lago das Pontes. Xa no descenso, a verea penetra na Fraga do Lostegal e unha densa mata de carballos, acivros e loureiros que acompañarán a fermosa ruta ata o encoro. Dende aquí, a paisaxe silenciosa

alcanza o seu apoxeo xunto ás ruínas anegadas do lugar de Chao do Habanero. Despois, atravesarase a exuberante natureza da Fraga da Ribeira, con húmidos recunchos plenos de verdor todo o ano. Resalta que a seguridade do sendeiro varía segundo a época do ano e das condicións meteorolóxicas xa que co chan mollado as superficies de rocha son moi escorregadizas sendo necesario extremar as precaucións.



## FRAGAS DA RIBEIRA E DO LOSTEGAL

- GPS inicio: 43.26543, -7.50371
- 6 hora e 30 minutos
- 901 m. de desnivel de subida
- 901 m. de desnivel de baixada
- 18,9 km. distancia horizontal
- Percorrido circular
- Severidade do medio: 4
- Orientación no itinerario: 2
- Dificultade no desprazamento: 4
- Cantidade de esforzo: 4

Tres imaxes da ruta das Fragas da Ribeira e do Lostegal



## O PSOE pide melloras nas vías e denuncia o mal funcionamento da depuradora

O voceiro socialista de Abadín, Pablo Díaz agradeceu o traballo do presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a todo o seu equipo no ente provincial por mellorar as estradas provinciais do Concello.

Díaz explicou que tras escoitar as demandas veciñais emprazaron á Deputación a realizar melloras de adecentamento e rebacheo en dúas estradas provinciais. “Concretamente fixéronse labores de rebacheo na estrada provincial LU-P-0101 que une Gontán con Ferreira, e tamén na estrada LU-P-0106 na parroquia de Aldixe”, remarcou.

“Para vivir e traballar no rural necesitamos unhas vías de comunicación polas que poidamos transitar con seguridade, por iso é moi necesario mellorar os nosos vías de comunicación. E dende aquí queremos emprazar ao Concello de Abadín e o todo o seu equipo de Goberno para que adacente as estradas de titularidade municipal”, insistiu.

**DEPURADORA.** O voceiro fíxose eco tamén dunha denuncia veciñal sobre o mal funcionamento e o estado de abandono e mantemento da depuradora.

Díaz lembra que “xa requirimos ao alcalde e o Goberno do PP o seu arranxo infinidade de veces, pero unha vez máis responde coa calada”. Lembra tamén que “o ano pasado o Concello pagou máis de 7.000 euros de multa polos vertidos do río debido ao mal funcionamento das depuradoras e as fosas sépticas.

# O Concello construíra unha residencia de maiores no edificio do colexio novo

O Concello de Abadín aprobou en Pleno a desafectación do edificio denominado colexio novo para construír unha residencia de maiores. Esta medida contou co respaldo do equipo socialista.

Este era o primeiro paso necesario para iniciar este proxecto anunciado polo alcalde de Abadín, José María López Rancaño, días despois de que un grupo de veciños demandara dita infraestrutura.

Segundo anunciou o alcalde, a residencia farase no edificio ubicado trala casa consistorial, edificada ao lado do colexio para albergar un instituto pero que non tivo uso.

O edificio está situado nun solar de topografía favorable, sen desniveis importantes, parcialmente urbanizado e dotado dos servizos urbanísticos necesarios. A súa situación é óptima tamén desde o punto de vista da súa posición no centro urbano, xa que se atopa situado no Centro e moi ben comunicado, o cal facilita a mobilidade dos residentes, cun nivel de soleamiento correcto e suficiente espazo de aparcamento dispoñible. A futura residencia estará distribuí-

da en dúas plantas e constará de 26 habitaciónes na planta alta, todas exteriores e dúas individuais con baño na parte baixa, onde estará tamén a consulta médica, unha habitación de illamento con cuarto de baño, unha enfermaría, sala de rehabilitación e polivalente, os servizos e o comedor e cociña. O edificio dispón tamén dunha planta soto para a calefacción e servizos varios. En total, poderán acoller 54 residentes.

Segundo explicou Rancaño, a adecuación do edificio consistirá en derrubar as divisións interiores do edificio para adecualas á normativa. Ademais compartirán co colexio o edificio central que se dividirá en ximnasio e salón de actos. O custe da obra é de 1.500.000 euros e será financiada polo Concello.

O proxecto de obra está en exposición pública na casa consistorial. De feito, o alcalde avanzou que no pleno de xullo aprobarase a desafectación do edificio para destinalo a residencia de maiores e que as obras darán comezo en breve.

“Aínda que hai de prazo un ano para acabar as obras, esperamos poder



Imaxe actual do edificio onde se fará a residencia

terminalo antes”, explicou Rancaño. Tamén explicou que “decidimos acometer esta obra con fondos propios para poder facela canto antes e e utilizamos a nosa experiencia no traballo realizado no Servizo de Axuda no Fogar e no centro de día para deseñar este proxecto”.

**RECOLLIDA DE FIRMAS.** O grupo veciñal formado a finais de xuño continuará coa recollida de firmas para promover a residencia de maiores. “A Alcaldía anunciou que se ía pro-

ceder á construción desa residencia. Alegrounos a noticia e sorprendenos, porque a en anteriores ocasións sempre se opuxera a esa obra, sobre todo polo moito gasto que supoñería manter ese servizo. Así o dicía abertamente”, din dende o grupo veciñal. “Nos manteremos a recollida de firmas”, aseguran, “porque é unha obra complexa na que poden aparecer atrancos e pódense perder os ánimos. Cos nosos centos de firmas apoiaremos a Alcaldía para que tire para adiante”.

## Adamo levará a banda ancha a 145 núcleos rurais de Abadín

O Concello vén de firmar un convenio con Adamo para que a empresa leve a banda ancha a 145 núcleos do rural, xa que a capitalidade municipal xa conta con este servizo. Desta maneira, o operador poñerá ao dispor dos residentes nesas decenas de miles de vivendas a fibra óptica máis rápida que existe hoxe en día no mercado (1.000 Mbps). Segundo este acordo, as obras darían comezo a mediados do mes de setembro e a empresa contaría coa instalación eléctrica para chegar ata

todos os fogares, tal e como teñen pactado con Viesgo e Begasa. Sumadas ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará un total que pasa das 76.500 vivendas conectadas á súa rede provincial nos próximos dous anos. Este crecemento apóiase, por unha banda, nas subvencións do Programa de Banda Ancha de Nova Xeración do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que está cofinanciado pola Unión Europea. Adamo xa ofrece servizo en 700 municipios de todo o país.



**CENTRO DE DÍA.** Un grupo de persoas usuarias do centro de día de Abadín realizou a súa primeira excursión tras a pandemia. Visitaron a vella escola do campo da Igrexa de Muimenta. Tamén visitaron o museo etno-gráfico das zocas, onde observaron os nomes de todas as ferramentas utilizadas neste laborioso e recoñecido oficio.

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)  
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522  
mesonmartinez@hotmail.com

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

# Nova área de lecer e deportiva

O Concello ultima a construción deste espazo, que unirá a diferentes xeracións e servirá para a convivencia da comunidade

Os veciños de Pol disporán en breve dun novo equipamento que, ademais, lles permite ampliar a oferta de servizos públicos.

O proxecto, impulsado polo Concello de Pol, consistiu na construción dunha nova área de lecer e deportiva en Mosteiro nun terreo de preto de 40.000 m<sup>2</sup>. As instalacións, que están preto do pavillón municipal, o colexio, a piscina e a área de recreo do Muíño do Pacio, inclúen unha área de xogos e un campo de fútbol de herba natural. A zona de xogos consta de pistas de billarda, bolos, petanca, chave,

pista cuberta de pádel, xogos de mesa e unha tirolina.

O campo de fútbol ten unhas dimensións de 105x68 metros de terreo de xogo, máis de 1,5 metros de bandas nos laterais e 2,5 metros nos fondos.

Trátase dunha nova dotación que permitirá dinamizar a vida social, deportiva e económica deste municipio ao concentrar diferentes pistas e outras instalacións para as diferentes prácticas deportivas. Este novo espazo pode servir para xuntar ademais xeracións de mozos e maiores, incentivando así a

convivencia e a creación de comunidade. Con esta dotación, dase un impulso aos xogos tradicionais, unha promesa do Concello coa veciñanza.

Aínda que o espazo está practicamente terminado, aínda quedan por perfilar pequenos detalles polo que estiman que podería abrir as portas ao seu uso o ano que vén. Mentres, a piscina, por exemplo, xa está en funcionamento e permanecerá aberta de luns a venres en horario de tarde e sábados e domingos todo o día ata o 30 de agosto.



Arriba, unha vista aérea das novas instalacións e, abaixo, un adestramento do CD Lugo no novo campo, a piscina municipal e unha das pistas de xogos populares

*Hijos de  
Ramón Rubal*

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es


## O Pleno reclama á Xunta a escola infantil e a senda peonil

O pleno aprobou por unanimidade dúas mocións presentadas polo grupo municipal do PSOE nas que se lle lembra á Xunta o incumprimento dos compromisos para a construción dunha Escola Infantil e da senda entre Parga e o Mesón da Cabra.

En primeiro lugar, ínstate á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a que execute a senda peonil na LU-242 entre Parga e o Mesón da Cabra incluída no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 que debería estar rematada e aínda non está nin a licitación. O PSOE reitera así a petición que fixo a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, nunha reunión mantida coa conselleira, Ethel Vázquez, o pasado 26 de mayo, xa que esta é unha actuación urxente para a mellora da seguridade viaria dos veciños e veciñas de Parga.

Por outro lado, ínstate á Consellería de Política Social a que dea os seguintes pasos para abordar a financiación do proxecto da Escola Infantil que solucionaría o déficit de prazas de 0-3 anos que sofre o municipio e que fai que se estea incumprindo a normativa autonómica que fixa o ratio de prazas ofertadas en función da poboación.

Despois de diferentes reunións, tanto coa conselleira, Fabiola García, como co xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, e de elaborar o Concello da man dos técnicos do Consorcio unha memoria para



construír este novo equipamento no recinto onde se ubica agora o PAI, o proxecto está paralizado nas mans do xerente.

**TRAVESÍA.** Por outra banda o Concello propón ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a transferencia da travesía urbana da N-VI ao seu paso por Guitiriz para mellorar e axilizar as diferentes xestións aos veciños. A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, reuniuse na subdelegación do Goberno en Lugo co xefe da Demarcación de Carreteras, Ángel González del Río, para facerlle esta petición que permitiría que todos os particulares tivesen o mesmo tratamento independentemente de en que rúa se atopasen. O obxectivo da transferencia é concentrar todos os trámites no Concello xa que na actualidade calquera obra, grande ou pequena, a facer nos edificios require da autorización municipal e estatal, co seguinte retraso que isto significa.

## Volve o Festival de Pardiñas

As actividades repartiranse en dúas fins de semana e limitarase o aforo

O Festival de Pardiñas, remodelado a causa da situación de pandemia, arrincou este domingo cun concerto de Adrián Vigo no San Alberte. Este foi o momento no que se presentou de forma oficial o programa que se desenvolverá na que xa é a XLII edición. Feira, arte, música, festa, gastronomía... A perfecta fusión entre festival e romaxe chega unha vez máis a Pardiñas, en Guitiriz.

Como xa se anunciou, o festival terá dúas quendas en dúas fins de semana. A primeira terá lugar do 6 ao 8 e a segunda do 27 ao 29 de agosto. O Festival de Pardiñas arrincará oficialmente o venres 6, ás 21.00 horas, no campo da feira de Guitiriz, cun pregón especial a cargo da poeta e activista Luz Fandiño, quen estará acompañada do dúo musical Acordeireta, que interpretará os seus poemas. Posteriormente comezará o tempo de música co concerto de Tiruleque. Xa antes do pregón, Aire Xulia quentará o ambiente cun pasarrúas.

Ao día seguinte, contarán cunha nova edición da xa clásica Mostra de artesáns de instrumentos de música tradicional, organizada pola Asociación de Gaiteiros Galegos, no campo da feira de Parga. A Mostra terá o seu pregón correspondente, un pasarrúas e un concerto de música tradicional. O pregón estará a cargo de Camilo Regueiro e a parte musical estará ao cargo de Os Bragadiers en pasarrúas e Airiños da Freba en concerto e a actuación de Galicia Fiddle.

O domingo, día 8 de agosto, ta-



mén no campo da feira de Parga, realizarán a Mostra de artesanía, un encontro e aproveitarase para facer un aberto de billarda a partir das 17.00 horas. A música estará a cargo de Brassica Rapa e a animación musical a cargo de Cavanaugh. Haberá xantar popular con polbo e churrasco.

**SEGUNDA FIN DE SEMANA.** A segunda parte do festival de Pardiñas arranca o venres 27, no campo da feira de Guitiriz coa actuación de Asubíos da Chaira en pasarrúas e Backwest e Guezos en concerto. No día seguinte, o sábado 28, a verdadeira protagonista do festival será a música rock, mais tamén os obradoiros que teñen preparados de grafiti, con xogos na rúa e brinquedos, sen que falte a esperada entrega dos premios no XLII Certame Terra Chá. Nesta ocasión, os galardóns serán entregados pola familia de Xela Arias, poeta homenaxeada co Día das Letras Galegas deste ano, mais por ou-

tros autores e autoras convidadas. O último domingo de agosto estará dedicado ás aldeas de Pardiñas, por onde pasarán Os Carunchos. Deste modo, rematarán o encontro cunha sesión vermú e con máis música en directo na escola de Pardiñas.

A organización lembra que para asistir aos concertos será necesario estar rexistrado previamente xa que teñen o aforo limitado. Para elo debe enviarse un correo a concertospardinhas2021@gmail.com indicando nome e apelidos, teléfono e os concertos aos que se quere asistir. Ademais, será imprescindible estar no punto 30 minutos antes do evento para recoller a acreditación. De non ser así, a partires desa hora esas localidades quedarán dispoñibles para outros asistentes ata completar aforo. Como todos os anos xa están á venda as camisetas desta edición en tallas para nenos, unisex e entallada. Poden adquirirse en Xoldra.

## Adxudicado o proxecto das estradas de Ferreiros e dos núcleos de Margá e Cece

O Concello de Guitiriz adxudicou por 54.329 euros o proxecto para a renovación da estrada municipal que dá servizo ao núcleo de Ferreiros, que actualmente conta cun firme en rega asfáltico. Os traballos a levar a cabo implicarán a limpeza de cunetas e a extensión dunha capa de aglomerado asfáltico nun total de 1.685 metros de firme, ademais do posterior pintado da vía. O prazo de execución dos traballos desde o seu inicio será de dous meses.

**MARGÁ E CECE.** Tamén adxudicou

por 82.909,2 euros o proxecto para a renovación dos camiños que dan acceso aos núcleos de Margá e Cece. Esta actuación está cofinanciada a través da subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a renovación de vías que dan acceso a parcelas agrícolas. Os traballos a levar a cabo implicarán a limpeza de cunetas e a extensión dunha capa de aglomerado asfáltico nun total de 2.570 metros de firme. O prazo de execución dos traballos desde o seu inicio será de dous meses.



**constru fer**

NATURALES DE CONSTRUCCIÓN Y MANEJAMENTO  
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

## Arrinca o verán cultural con actividades ata o 10 de setembro

Guitiriz contará ata final de mes cun intenso programa de actividades culturais baixo o nome Verán Cultural, que se iníciu cunha tarde de actividades acuáticas e a actividade infantil A verdadeira Historia de Hamelin.

O seguinte paso será o 9 de agosto, luns, con Circanelo, que se poderá ver na praza do Campo da Feira ás 12:00 horas.

Inclúese tamén na programación a proxección do filme ao aire libre, Cuñados, o 13 de agosto tamén no Campo da Feira, a partir das 22.00 horas. O 15 de agosto estará a exposición itinerante Kinético de Xirapaus-Trecola na Carballeira de Parga durante toda a xornada.

Tamén están programadas dúas exposicións. A primeira será do 3 ao 20 de agosto, co título Camiño das estrelas: tecendo culturas, que poderá visitarse na Casa Habanera de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas e os martes e xoves de 16:00 a 18:00 horas.

Do 23 de agosto ao 10 de setembro abrirá a exposición debuxos e pinturas de Isabel Pardo. Tamén na Casa

Habanera co esmo horario de visita. Todas as actividades realizaranse seguindo a normativa covid-19. As persoas interesadas en recibir máis información poderán chamar ao 982 370 109 ou enviar un email a [info@concellodeguitiriz.com](mailto:info@concellodeguitiriz.com).

**TOBOGÁN ACUÁTICO.** O Concello de Guitiriz instalará un gran tobogán acuático de 35 metros de lonxitude no aparcamento da rúa Boa Veciña para o disfrute dos máis pequenos. Poderase disfrutar del desde hoxe e ata o domingo 8 de agosto.

O horario dos inchables será de 11:30 a 14 horas e de 16 a 19:30 horas. O seu uso é gratuito pero hai que anotarse previamente na propia instalación. Gardarase en todo momento un estricto protocolo covid-19 e, se chove, non estará aberto ao público.

Haberá un tobogán máis grande, o chamado Gravity, de 35 metros de lonxitude e cunha altura mínima de 1,5 metros e outro máis pequeno, coñecido como *Selva*, que está formado por dous tobogáns de 18 metros.

## O Concello de Guitiriz porá en marcha a Aula Mentor



O Concello de Guitiriz vén de recibir unha subvención de 4.000 euros por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional, que se empregarán para a creación dunha Aula Mentor no edificio do Telecentro.

A subvención servirá para facer fronte a custos relacionados coa adquisición de material, difusión e mantemento de equipos informáticos. Esta achega faise realidade grazas a un convenio de colaboración asinado entre a administración municipal e o organismo estatal, cunha duración de catro anos.

O proxecto Aula Mentor, está pensado para impulsar a formación, en diferentes ámbitos, entre persoas maiores de 18 anos, a través de iniciativas e sesións que se realizan

de forma telemática con apoio da persoa administradora da aula de maneira presencial.

A través da Aula Mentor ofertaranse cursos de formación de diversas temáticas. Así, por exemplo, para persoas pertencentes a colectivos vulnerables proxéctanse sesións de técnicas de atención ao cliente, imaxe corporativa así como cursos de agricultura ecolóxica e emprendemento dixital.

A formación dirixida a mulleres do ámbito rural, vai dende programas de atención a persoas en situación de emerxencia ata talleres específicos de detección e prevención de violencia de xénero. Por último, tamén haberá oferta de cursos pensados para persoas sen coñecementos previos de informática.

## Avanzan a Parga non se divide a posible apertura do centro de saúde en setembro

Afonso Losada Rodríguez e Vitor Vázquez, en representación do colectivo Parga non se divide, mantiveron unha reunión co director de Primaria da Área sanitaria de Lugo Rafael Sánchez co obxectivo de informarse sobre a situación do centro médico desta localidade.

“Non sacamos demasiado en limpo. Boas palabras e pouco máis”, dixeron e avanzaron que aseguraron que cando pase a pandemia o centro médico abrirá, “pero sen dar data algunha nin explicar as condicións que son necesarias”.

Segundo explicaron, o responsable sanitario avanzou que en setembro volverían a analizar a situación e en función de como vaia a vacinación poderían plantexarse voltar á normalidade. Estiman que daquela estarían vacinados os de idade 20-30 e que co comezo do curso se vacinarán aos de BAC e da ESO “e nese momento xa poderíamos ter inmunidade de rebaño e en función da situación poderían plantexarse reabrir”.

En fin, nada concreto aínda que nos convidou a pedir outra reunión a mediados de setembro para seguir falando do tema.

concellodefriol.es

Un Paseo por el Corazón Verde de Galicia

CONCELLO DE FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

## begonte

## Reformarán tres edificios da contorna do centro de saúde

O Concello de Begonte prepara un proxecto para rehabilitar e darlle novos usos aos tres antigos edificios do recinto do centro de saúde e que no seu momento formaron parte do complexo do colexio, cuxo edificio principal hoxe funciona como centro sociocultural.

O obxectivo é transformar toda esa zona en dependencias culturais e deportivas, tal e como se fixo co centro sociocultural, unha actuación que na súa maior parte levará a cabo un taller de emprego Cumes de Terra Chá, que Begonte solicitará á Xunta xunto a Rábade e Friol.

Os inmobles, de planta baixa e cunha superficie que rolda os 90 metros cadrados, son de titularidade municipal e o Concello leva anos usándoos como punto de provisión de material ou para gardar diferentes aveños. Agora, o goberno local quere darlles un novo uso, apostando ademais por incrementar os servizos na zona.

Nun deles está previsto habilitar vestiarios e duchas para complementar a oferta da nova pista de pádel, recentemente estreada no mesmo recinto. Outro dos inmobles con-



Os tres edificios xunto ao centro de saúde

verterase en aula da natureza, para o que pediu unha subvención da liña de axudas que se concede aos concellos de Rede Natura. O uso do terceiro edificio definirase unha vez conclúanse as obras da antiga cámara agraria.

O Concello tamén pretende levar a cabo neste recinto, que dispón dunha ampla zona axardinada, un proxecto de mellora de eficiencia enerxética.

Por outra banda, o Concello recibiu unha subvención para a Mellora e

mantemento de camiños.

Esta actuación farase nunha pista que transcorre polas parroquias de Bóveda (Santalla), O Castro (Santa María) e San Vicente de Pena (San Vicente). É un camiño que serve de acceso ás edificacións e instalacións agrícolas dos núcleos poboacionais principalmente de Bóveda, A Graña, Saamil e Os Grandíos.

A actuación discorre polo núcleo de Bóveda (Santalla), pasa polo de Saamil e termina en Os Grandíos, cunha lonxitude de 1940 metros.

## Desastronauts abre a programación cultural de agosto

O domingo 8 de agosto chegará a Begonte, Desastronauts, a máis espectacular compañía de aéreos de Galicia, para representar *Un día de praia* ás 19.00 horas no Club Fluvial de Begonte.

O dúo de acrobacias aéreas, humor e enredos de parella no aire con números de altísimo nivel como trapezio en voo porán a pel de galiña a calquera espectador. A entrada é libre.

É un espectáculo moi visual e cunha bonita estética, apto para todos os públicos e abre unha serie de actuacións que terán lugar no mes de agosto.

## Amonestan á Xunta por negarlle a Adegas acceso a expedientes

O Tribunal Superior de Xustiza ratificou a sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Lugo polo que se admite a demanda de Adegas contra a resolución da Consellaría de Medio Rural que denega á asociación ecoloxista ser parte interesada en dous procedementos sancionadores relativos a plantacións ilegais de eucaliptos en Begonte.

Con este fallo, contra o que xa non cabe recurso, Adegas consegue de novo vencer nos tribunais a pretensión da Administración pública de dificultar o acceso á información contida en expedientes administrati-

vos que afectan directa ou indirectamente ao medio ambiente galego. O TSXG desestima o recurso de apelación presentado pola Consellaría de Medio Rural contra o fallo do xulgado contencioso-administrativo de Lugo que admite a demanda de Adegas e obriga á Xunta a facilitarlle a esta entidade -nun período improrrogable de un mes desde que a sentenza sexa firme- a información contida en dous expedientes sancionadores incoados por corta de árbores autóctonas e posterior plantación ilegal con eucaliptos, feitos que foron denunciados por Adegas no ano 2017.

## Abre en Sotavento un circuito de orientación



Presentación do circuito permanente de orientación

O Concello de Xermade e o Parque Eólico de Sotavento inauguraron o circuito permanente de orientación Serrón do Lobo.

Mediante un convenio de colaboración asinado por ambas as entidades, levou a cabo un mapa da zona e a proposta de cinco percursos adaptados a todos os públicos con distintas lonxitudes e niveis de esixencia física.

O obxectivo do circuito permanente de orientación Serrón do Lobo é fomentar as actividades en contacto coa natureza e o deporte ao aire libre á vez que se ofrece unha alternativa de lecer gratuíta, apta para todos os públicos e ideal para realizar en familia.

Para realizar a actividade só hai que achegarse ás instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento en Xermade. No exterior do edificio sitúase un panel onde se poden descargar os distintos percursos. Para completar o circuito seleccionado, os participantes deben buscar as balizas marcadas no mapa na orde indicada e anotar o número de control que atoparán en cada unha.

O mapa elaborado servirá tamén para o desenvolvemento de competicións de orientación tanto a nivel nacional como autonómico durante os próximos anos. De feito, durante o acto de inauguración

presidido polo Alcalde de Xermade e representantes de Sotavento, tivo lugar en paralelo a I proba da liga Galega de Trail-O na Modalidade TEMP-O na que participaron medio centenar de corredores.

**BALANCE.** Sotavento soubo adaptarse ás circunstancias causadas polo covid-19 reorientando as súas actividades para minimizar o impacto negativo da nova situación sanitaria e económica mundial.

Os resultados obtidos amosan un total de 163 visitas concertadas durante o curso escolar 2020/2021 nas que participaron 3.830 persoas, o que fai unha media de 23 asistentes por cada visita, sendo o último trimestre escolar o que concentrou o maior número de asistentes.

Como vén sendo habitual dende os inicios da actividade divulgativa en Sotavento, a maior parte das visitas recibidas proceden das provincias de A Coruña e Lugo.

Con respecto ao tipo de colectivos que participan nas actividades, os máis numerosos foron os centros de Educación Primaria e Secundaria, que supuxeron un 81% do total de visitantes durante este ano académico e que desbancan ás visitas técnicas máis habituais nos últimos anos.

FELICES FIESTAS

# TEXAS

MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083  
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

f Texas Moda Joven

## LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS Y BANQUETES

19 GUITIRIZ 982 37 01 88

www.lacasilla.es

zona para Boda Civil



# Adxudicadas as obras do Plan Único e de Mellora de camiños

A Xunta de Goberno Local adxudicou diversas obras en camiños, entre as que destaca a mellora de camiños en Sanche, Piñeiro e O Tarrello, financiada con cargo ao Plan de Mellora de Camiños 2021-2022 de Agader.

Trala xustificación da baixa temeraria presentada, a mesa de contratación reunida o 1 de xullo de 2021 elevou ao órgano de contratación proposta de adxudicación en favor da empresa Cholo SL, que ofertou un total de 53.812,11 euros.

Ademais, presentou melloras na limpeza de cunetas e marxes, con medios mecánicos ou manuais, incluíndo apilado e carga en camión de residuos xerados, e transporte a vertedoiro ou lugar designado pola dirección de obra: 3.813 metros lineais por ambas marxes. Tamén ampliou a garantía de 36 meses. Prevese o seu inicio no verán.

**PLAN ÚNICO.** Posteriormente, e tamén en Xunta de Goberno, adxudicáronse os dous proxectos de obras de reparación de vías municipais incluídas no Plan Único 2021. O adxudicatario de ambas obras foi José Sanjurjo Construcciones SL.

Na reparación de estradas en Momán, Bidueiro, Pena de Arca, Liñarón, Mede e Seixido, con orzamento do Plan Único 2021 presentou unha oferta económica de 56.700,24 euros. Engadiu un control de calidade externo do 2% sobre o PEM e unha ampliación de garantía de 2 anos.

O segundo proxecto inclúe a reparación de estradas en Picoucelo, Vilacide, O Rego, Nova, Gandía, A Pinguela, Roupas, A Graña, A Pía, etc, tamén con fondos do Plan Único 2021. Presentou unha oferta económica de 71.690,49 euros. Tamén conta cun control de calidade externo do 2% sobre o PEM e unha ampliación de



Concello de Xermade

garantía de 2 anos.

As baixas obtidas en ambas licitacións suman un total de 57.956,91 euros, que serán destinados a financiar outro proxecto de camiños.

Tamén foi adxudicada, mediante contrato menor de obras, a mellora de beirarrúas en Roupas-fase II, en 26.661,31 euros á empresa Cholo SL. A baixa obtida (2.006,76 euros) será destinada a financiar a ampliación de beirarrúas en Roupas.

A subministración de luminarias para mellora da eficiencia enerxética, tamén financiada ao 100% con cargo ao Plan Único 2021, adxudicouse a Electricidad Moncho y Santomé SL, por importe de 11.890,17 euros.

**ESTRADA XERMADE-CABREIROS.** Deron comezo ás obras de mellora de firme da estrada LU-170 entre Xermade e Cabreiros, ás que destinan 450.000 euros.

A actuación, que está previsto rematar no prazo máximo de tres meses realizaranse nun treito de 5,5 quilómetros que discorre integramente polo municipio xermadés na estrada

que une Parga con Cabreiros.

A intervención permitirá mellorar o firme entre a intersección da Pena e Cabreiros, xusto onde comeza o treito rehabilitado pola Xunta hai uns anos. Acometerase a mellora do firme en toda a superficie da estrada, mediante o estendido dunha nova capa de rodadura de altas prestacións nos treitos que presentan mal estado, para incrementar a adherencia, reforzar a seguridade e ofrecer maior comodidade na condución aos usuarios.

A actuación inclúe, ademais, a limpeza das marxes da estrada, a reposición e o pintado das marcas viarias e o reforzo da sinalización vertical. Ademais, nos treitos con menor ancho e con gabias profundas, disporanse cunetas de seguridade, que poden ser rebasables e utilizarse en caso de ser necesario. Colocarase, tamén, barreiras de seguridade onde haxa desniveis e sistemas de protección para motoristas.

## Malestar en Xermade polo servizo no centro de saúde

Malestar no Concello de Xermade pola situación na que se atopan os usuarios do centro médico, que fixeron públicas as súas queixas sobre a atención aos pacientes dende que hai un mes e medio o anterior facultativo, que estivo preto dun ano en Xermade, foi trasladado.

Dende ese momento, o Sergas ten enviado novos médicos cada certo tempo para cubrir a atención primaria "e cada día vén un distinto", aseguran.

Esta situación provoca tamén que ao haber só un médico cando se produce unha urxencia, queda o centro sen atención médica.

Os veciños e veciñas do termo municipal xa presentaron as súas queixas no centro de Saúde e tamén ante o propio Concello, ao que piden a súa intervención para que se destine un médico de forma continuada para que poda seguir as historias e os tratamentos.


## EN BREVE

**CONTORNOS.** O centro de interpretación PN Fragas do Eume de Pontedeume acolle ata o 12 de setembro, a XIII exposición itinerante de madeira torneada, *Contornos*, que corresponde as edicións 2019-2021. A mostra conta coas pezas de madeira máis representativas polo seu traballo, que se fixeron e expuxeron en primeiro lugar na Feira de Torneos que se celebra anualmente en Xermade e que o ano pasado non puido celebrarse de forma presencial pola covid. Este ano a convocatoria da feira está prevista para a fin de semana do 17 ao 19 de setembro, que será a edición número XXI.

**SOLO INDUSTRIAL.** O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución pola que se anuncia un novo concurso de venda de solo empresarial con bonificacións de ata o 50% nos parques que xestiona o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Serán en total 116 parcelas que suman unha superficie de preto de 282.000 metros cadrados e se distribúen en 17 polígonos. Deses, 82 parcelas están en sete concellos da provincia. Xermade o único Concello con oferta na comarca, concretamente 12 parcelas.

**NARRACIÓN ORAL.** O programa Ler Conta Moito da Consellería de Cultura, Educación e Universidade realizará unha nova actividade presencial na Biblioteca de Xermade. Será unha sesión de narración oral que leva por título *Médico de Familia(s)*, un contacontos arredor de novos modelos familiares versionados pola visión cómica de Pedro Brandariz. Será o 6 de agosto ás 19:00 horas na biblioteca municipal ou espazo exterior anexo á mesma, se as condicións meteorolóxicas o permiten. Vai dirixido a nenas e nenos maiores de 4 anos e precisa de inscrición previa, xa que o aforo é limitado.



**OBRA PREMIADA.** A fotografía gañadora do concurso MuXer, Muller de Xermade, que leva por título *Sempre Galega*, preside dende agora o salón de plenos do Concello de Xermade. Esta peza, realizada por Carmen Blanco Purriños, foi premiada pola súa calidade e representación da esencia feminina desta localidade chairega. A gañadora recibiu 300 euros no mes de marzo, cando foron entregados os galardóns.

2x1  
GAFAS  
GRADUADAS  
de marca  
monofocales o progresivas

Ver, vivir, sentir, emocionarse...

DOOBLE

Ver condiciones en tienda

OPTICALJA CALLAO

FERROL | NARÓN | ORTIGUEIRA | AS PONTES | LUGO

Avda. Galicia, 49 · Tel. 981 452 270

www.opticaliacallao.com

## O Pleno aproba un criticado orzamento de 8 millóns de euros

O Concello de Outeiro de Rei celebrou un Pleno moi debatido no que se aprobou o orzamento e tamén un cambio nas dedicacións exclusivas do equipo de Goberno. Así, só cos votos a favor do PP e os catro en contra da oposición, foi aprobado finalmente o orzamento de Outeiro de Rei, que ascende a oito millóns de euros. Desta cantidade, o alcalde explicou que 3,5 millóns serán destinados a obras. Ademais, presto de tres millóns irán para gastos correntes e servizos e outros 1.300.000 euros para gastos de persoal.

O alcalde explicou tamén que tiveron que pedir en préstamo de 500.000 euros para pagar os saldos do persoal e a inversión". Así mesmo, tamén coa oposición en contra, aprobouse un cambio nas dedicacións exclusivas. Así, o alcalde deixará de recibir esta pola súa xubilación mentres dous concelleiros liberarase profesionalmente para a xestión municipal. Neste pleno tamén tomou posesión da súa acta de concelleira do BNG Rita Castedo Meilán, a cal entra no concello en substitución de Xabier Molinos, o cal dimitira do

seu cargo por motivos persoais hai uns meses. Rita Castedo é mestra xubilada e vive na parroquia de Martul, sendo unha persoa que sempre destacou polo seu compromiso social.

**BNG.** O BNG de Outeiro votou en contra do proxecto de orzamentos porque "preséntanse a destempo" e afirman que están "terxiversadas as contas, pois leva 15 anos inflando os números ao incluír 1.500.000 euros como investimento na urbanización da Palloza sen que nunca investira nin un céntimo".

## Impulsan a rehabilitación de edificios

Vaise impulsar na provincia de Lugo a rehabilitación de cinco edificios que acollerán distintos servizos públicos en Barreiros, Outeiro de Rei e Mondoñedo, grazas á concesión de préstamos sen xuros por importe global de 1,2 millóns de euros, a través do Fondo de Cooperación.

En Outeiro de Rei destináronse 44.500 euros á adquisición da antiga Cámara Agraria para destinala a servizos sociais, e 80.000 euros á compra doutro inmoble que xa está en obras e albergará un centro de día. Ata o 1 de xuño está aberta unha nova convocatoria deste Fondo de cooperación para apoiar o financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

## Novo equipo contraincendios



O Concello de Outeiro de Rei levou a cabo a presentación na nave de servizos do polígono industrial o denominado Dispositivo para a prevención e extinción de incendios así como para a limpeza de estradas do Concello de Outeiro de Rei.

Dito dispositivo conta co apoio da Xunta de Galicia para a campaña de verán, que empezou coa roza en distintas áreas o día 1 de xullo, para logo dar paso aos labores

do equipo de extinción o día 15 de xullo. A campaña ten prevista a súa duración por espazo de 3 meses, sempre dependendo da climatoloxía.

O dispositivo conta con 2 carroceas de incendios, 8 tractores con rozadoras e 1 vehículo todoterreo para o transporte da brigada.

O equipo complétano 5 brigadistas, 4 na conducción dos camións, 8 na conducción dos tractores e 2 peóns máis de reforzo.

## O BNG demanda atención ás torres de Taboi e Sobrada



Estado actual das torres de Taboi e Sobrada

As torres de Taboi e Sobrada, en Outeiro de Rei, están nun estado lamentable, segundo indica ao BNG, "correndo risco de derrube en calquera momento. Ámbalas dúas construcións medievais necesitan intervencións urxentes se queremos que segan estando de pé", din. Dende o BNG de Outeiro presentáronse varias iniciativas para que o Concello, coa axuda doutras administracións, procedera a incorporalas ao patrimonio público, para poder facer os traballos de consolidación necesarios. Logo, unha vez que fosen bens públicos e se eliminase o risco

e derrube, decidiríase cales serían os destinos máis interesantes para elas. Sempre que o BNG levou estas propostas contou coa oposición do alcalde, "votando sistematicamente en contra de calquera iniciativa nesta liña", explican.

"Neste senso, é ben coñecido o desprezo con que o alcalde de Outeiro trata ao patrimonio histórico existente no concello. Para iso non hai máis que ver as mámoas eliminadas nos últimos anos ou os estado no que se atopan a variedade de castros que se existen no concello", conclúen.

## Abre o prazo para solicitar as actividades para maiores

O Concello de Outeiro de Rei pon en marcha a onceava edición do Programa de Actividades para persoas maiores do Concello de Outeiro de Rei.

Por este motivo, a partir do luns día 26 de xullo, abrírase o prazo de inscrición para as actividades ofertadas para 2021, concretamente para Ximnasia de mantemento e para o curso de Manexo básico do móbil e de internet. O prazo de inscrición nestas actividades estará aberto ata o día 10 de agosto.

Igualmente, está aberto o prazo para solicitar cita para podoloxía, estas citas se tramitan no Concello de Outeiro de Rei e serán atendidas a partir de setembro.

Lembrar tamén que dentro da Programación de Actividades de Promoción da Muller 2021 pódese solicitar praza para o curso on line de Formación en novas tecnoloxías II.

Pódese recibir máis información sobre as actividades ou realizar as inscricións na Casa da Cultura, teléfono 982 393 408.

## Remata a obra de mellora enerxética no CEIP Laverde Ruíz

Concluíron as obras de mellora da eficiencia enerxética no CEIP Laverde Ruíz de Outeiro de Rei. Os traballos foron executados no bloque das aulas de Educación Infantil e no principal. Neste último exceptuáronse os espazos resultantes da ampliación realizada hai dous anos, na que se investiron 865.000 euros e que xa reúne as condicións axeitadas para un menor consumo enerxético.

Así, a actuación consistiu no cambio de luminarias por outras de tecnoloxía LED, substitución de carpinterías, instalación de illamento térmico sobre forxado baixocuberta e colocación de falsos teitos nos andares baixo e primeiro.

Tamén se levou a cabo a renovación de portas, a colocación de chan tipo linóleo, a reforma de varios aseos e o pintado de fachadas.

# CAMPAMENTO CELTA

PARA ADULTOS Y NIÑOS



Kayak



Hinchables



Tiro con arco



Paintball





campamentocelta.com



SITÚANOS  
43° 12' 12"N  
7° 31' 46"W

INFÓRMATE SIN COMPROMISO  
BAR DE LA IGLESIA Nº 17 - 37377 XERMAR (COSPEITO) TELFS: 680 559 991/672 163 803 campamentocelta@hotmail.com

Organiza con nosotros las fiestas de empresa, fiestas de cumpleaños, despedidas. Nos desplazamos a donde quieras para tu comodidad.

# As trampas do roteiro das Insuas

Cortes no camiño, mal estado da sinalización e o abandono das marxes son algunhas das carencias desta ruta, apta para todas as idades

Un dos roteiros máis habituais pola súa beleza e por tratarse dun percorrido sinxelo apto para nenos, é o das Insuas do Miño. Está considerado un dos mellores para iniciar aos máis pequenos na práctica do sendeirismo.

Tras máis dunha década en activo é frecuente ver no mesmo grupos de rapaces e foi un lugar de visita para os tempos da pandemia, cando o sendeirismo era unha das poucas actividades recomendadas fóra da casa. Aínda así o seu estado actual non está exento de polémica por falta de coidados nalgúns puntos ou mesmo por embrollos na sinalización.

A senda foi desbrozada para o seu uso antes do verán pero a súa conservación deixa de ser todo o boa que podería ser un lugar tan frecuentado e nunha contorna espectacular.

**AS INSUAS.** As Insuas do Miño son pequenas illas orixinadas pola sedimentación de materiais dos meandros do Miño ao seu paso polos municipios de Rábade e Outeiro de Rei. Debido á pouca pendente do terreo, o Miño alégase e permite a formación, no seu leito, de pequenas illas como a Insua de San Roque, a Insua de Cela e a de Trabanca, que chegan a alcanzar os cinco quilómetros de lonxitude e máis de 200 m. de ancho, variando o seu tamaño segundo a estación polo caudal do río.

O río Miño actúa como fronteira natural entre os municipios de Rábade e Outeiro de Rei polo que o roteiro, que percorre as dúas beiras, pasa por ambos os dous con-



Dous puntos do camiño cortado para soltar o gando

cellos. O punto de orixe e de final é a área recreativa de Rábade, ás beiras do Miño, para seguir augas arriba, pasando por baixo da ponte do ferrocarril e do viaduto da Autovía A6.

É nesta primeira parte da senda, cando comezan a xurdir no leito do río os primeiros illotes, baixo a sombra de freixos, salgueiros e bidueiros mesturándose con carballedos e acivros, o carreiro cruza por prados de cultivo no que poderemos ver vacas, ovellas e cabalos. O percorrido pasa á Insua de Abaixo,

cuxo interior se percorre grazas ás pontes de madeira que permiten conectar as illas coas beiras.

**QUE VER.** sta contorna natural, de gran beleza en estado puro, permite ver ao longo do río nenúfares, fentos ou carrizales. Entre a fauna destaca o mexillón de río, especie en perigo de extinción mepódese atopar tamén o merlo acuático, a londra e a ra verde.

O roteiro finalmente sae á altura do muíño de Felpas á estrada local

LU-1107, por onde se camiño uns seis minutos ata o punto de inicio. O punto de inicio do roteiro permite ao usuario ver e cruzar a ponte medieval que separa os concellos de Rábade e Outeiro de Rei.

De orixe romana, conserva a traza medieval orixinaria dos séculos XIII e XIV. Foi edificado en cachotería e sillería granítica que posteriormente sería reconstruído en tempos de Isabel II. Conta a historia que os usuarios da ponte tiñan que pagar o seu dereito de portádego, ao antigo edificio do concello de Rábade.

Xunto á ponte no inicio do roteiro atópase o Centro de Interpretación Casa das Insuas, edificio do antigo concello e que desenvolve unha importante labor mediamienta e educativa.

## O QUE ERA MELLOR NON VER.

Unha das grandes polémicas que rodean esta senda é o movemento das lindes que separan o trazado dos terreos particulares dunha graxa limítrofe. As queixas de usuarios e veciños falan de que os límites foron movidos para facer máis grande o terreo particular. De feito, un surco no chan aínda é visible o que alenta esta conclusión, pero tras moitos anos, aínda ninguén quixo investigar este punto.

Pero non é o único problema que ten esta zona. Varias das pontes que comunican o trazado coas insuas están bloqueadas con troncos a modo de peche pero neles non se ofrece ningunha información sobre si o peche en cuestión é por ser terreo particular ou mesmo por outro motivo. Como

o trazado moitas veces tampouco ofrece unha sinal clara moitos usuarios acaban pasando por riba destas barreiras ou mesmo tirándolas xa que estes tapóns son colocados polos gandeiros da zona que deixan o gando en liberdade nas illas e poñen as barreiras para que este non escape pero cortando o roteiro o paso.

Tamén poden atoparse no roteiro algún que outro obstáculo como un par de troncos que co tempo que levan tumbados no medio do camiño xa son parte do trazado. Noutras ocasións son os propios animais de granxa os que se atopan no medio do camiño, unha situación que non ofrece moita seguridade aos camiñantes.

En moitos lugares do trazado, hai barreiras feitas con cordóns que moitas veces son pouco visibles e despistan novamente ao usuario non habitual da zona porque descoñece se pode cruzalos ou non. Novamente estas limitacións de tránsito non son regulamentarias pero non hai vixilancia sobre isto. Faltan servidumbres de paso e un só e xa deslucido cartel avisa do perigo de descargas no pastor eléctrico nun longuíssimo trazado. Así mesmo, pódense atopar desperfectos varios, nas distintas pontes que foron amañadas de mala maneira.

E para rematar o camiño, colocaron unha mesa para descanso dos sendeiristas, aínda que foron a escoller o sitio con peor vista e máis sombrío, a parte de abaixo da ponte da autovía. Desde modo deslúcense todas as vistas das que goza o trazado.

## Volven as festas o 12

O Concello de Rábade conta xa cun programa festivo que dará comezo o día 12 coa proxección da película *A Gallina Turuleca*. Xa o venres haberá unha caravana de xogos populares e, sobre as 22.30 horas terá lugar outro concerto, o de Queen pro Quo.

O Xacobeo introducirase na programación co espectáculo Odaiko perscisión o sábado. Será ás 12.00 horas, antes do concerto matinal de Barbaña Blues Band. Pola noite será a vez de Xabier Díaz e Adulfeiras de Salitre. O día grande, o domingo 15 arrincará coa tradicional misa solemne, que estará cantada pola coral Luar. En sesión vermú escoitarase o concerto de Leirabuxo Folk e pola tarde haberá batukada polas rúas dentro do

programa Cultura no Camiño.

Unha hora máis tarde dará comezo o circo Isla letriska, no campo da feira e finalizará a xornada cun concerto de Sheila Blanco e os fogos de artificio. Continuará a programación coa Rabaca 2021, que contará na súa programación con actividades de todo tipo. O 16 haberá unha gala lírica con Ana Sanmartín e Orquestra e a proxección da película Cuñados.

O 17 tocará teatro, coa representación da obra *O vixilante de sonhos*, obra familiar dentro do circuito de teatro profesional da Deputación de Lugo. Pechará a xornada o concerto de Mariola Membrives. Finalmente, o 18 Joao Afonso ofrecerá a última das actividades da programación.

# Audio©linic

## Centro Auditivo




**Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva**

**SERVICIOS:** Audiometrías · Adaptación personalizada · Rehabilitación auditiva · Mantenimiento y reparación de audifonos

**PRODUCTOS:** Audifonos · Protección Auditiva · Tapones de Baño · Accesorios

**PROMOCIONES:** Revisións Auditivas · Promoción Audifonos

Praza Maior, 19 - 1º 27001 LUGO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com - www.audioclinic.es

## muras

## Curso de apicultura en agosto

A Casa do Médico de Muras acollerá un curso de iniciación á apicultura que se celebrará en a partir do 6 de agosto.

As clases terán lugar en horario de mañá e tarde. As súas primeiras xornadas, 6 e 7 de agosto, serán entre as 16.00 e as 21.00 horas. O 8 e o 14 terán horario de mañá, entre as 9.00 e as 14.00 horas.

Neste curso falarase do apicultor, como instalar un apiario, a colmea e o exame, a multiplicación, a saúde das abellas e os produtos de colmea.

Estas sesións están organizadas pola Casa do mel de Goente e para



inscribirse hai que poñerse en contacto co 661 003 616 ou no correo [casadomel@vodafone.es](mailto:casadomel@vodafone.es).

## Continúan as reunións veciñais sobre o inventario de camiños

O Concello de Muras iniciou as reunións cos veciños das parroquias a propósito da presentación do inventario de camiños municipais e para informar os asistentes sobre o mesmo.

A primeira cita foi cos veciños e veciñas de Silán e do Viveiró para continuar cos de Irixoa e Balsa.

A intención do equipo de Go-

verno é reunirse cos veciños de todas as parroquias do Concello, que son oito, para ir poñendo sobre a mesa as diferentes cuestións que os veciños consideren que hai que cambiar ou modificar.

O Concello xa iniciou a redacción do documento polo que o obxectivo será debater o mesmo cos veciños de cada parroquia.

## A Audiencia provincial absolve ao ex alcalde de prevaricación

A Audiencia Provincial de Lugo absolveu ao ex alcalde de Muras, Issam Alnagm Azzam, do delito de prevaricación que lle imputaba a Fiscalía e a acusación particular por asinar varias resolucións de Alcaldía nas que a interesada era a súa esposa. Os xuíces destacan que “non se pode identificar ou establecer unha equivalencia automática entre unha posible nulidade administrativa, que, segundo o perito, sería unicamente por ditarse por emisor manifestamente incompetente, pero non respecto do contido, e prevaricación penal”.

Así, a Audiencia indica que, como reiterou o Tribunal Supremo, “é posible unha nulidade de pleno dereito sen que a resolución sexa constitutiva de delito”, á vez que engade que,

neste caso, “nin tan sequera consta que se declarase esa nulidade ou se recorresen ou impugnasen dalgunha forma os acordos da corporación local ou do alcalde”. Ademais, os maxistrados recalcan que tampouco se acreditou que o acusado tivese “coñecemento de actuar en contra do dereito”. Para que exista delito de prevaricación, segundo lembra o tribunal no fallo, é esixible “actuar a propósito da inxustiza da resolución, con plena conciencia de que se resolve á marxe do ordenamento xurídico e de que ocasiona un resultado materialmente inxusto, isto é, con intención deliberada e plena conciencia da ilegalidade do acto realizado”, algo que, neste caso, considera que non se probou.

## meira

## Santa María acolle un intenso programa cultural este verán

O Concello de Meira non terá festas patronais como tal pero disporá dun programa de actividades culturais e musicais para o mes de xullo e agosto de 2021.

Estas darán comezo cos Venres musicais. Desde o 23 de xullo ao 27 de agosto terán lugar actuacións musicais no exterior de formato e duración reducida. Tamén os días festivos en Meira (15 e 16 de agosto) haberá actuacións musicais da man da Escola de Música municipal de Meira e da Banda Municipal.

Ademais destas actuacións haberá 3 concertos (2 no interior da Igrexa parroquial: Vaamonde e Romeu, e Tango en Xan3iro; e 1 no exterior: grupo folk), os días 7, 13 e 15 de agosto, respectivamente.

Este ano celébrase tamén o 90 aniversario da declaración de monu-

mento nacional (BIC) de Santa María de Meira (que tivo lugar o 3 de xuño de 1931). Para conmemorar esta data haberá visitas e paseos guiados gratuítos. Un deles será os mércores 28 de xullo e 11 de agosto ás 16:30 polo nacemento do río Miño e o Pedregal de Irimia, e os domingos (sen feira) 1 e 29 de agosto, ás 11:00, visita guiada á igrexa e mosteiro de Santa María. Debido a que hai limitación de persoas para a realización de actividades guiadas é necesario inscribirse con antelación e as prazas iranse cubrindo por orde de solicitude. Faranse listas de espera por se alguén se dá de baixa e ampliaranse a máis grupos noutros horarios se a demanda requireo.

As inscricións deben facerse no teléfono 618 679 632, no correo turis-

mo@concellodemeira.com ou presencialmente na oficina de turismo de Meira.

A programación completárase o venres 13 de agosto cunha exposición de xoguetes artesanais de Xirapaus no Cabanón da praza do Convento. Será durante todo o día e contará tamén con visita guiada. Tamén para os máis pequenos haberá teatro o 17 de agosto, ás 21.00 horas na casa da cultura. Será a obra Conexión Pingüin, con Luis Iglesia e Marcos Orsi.

O luns día 16 de agosto (festivo en Meira) na praza maior haberá xogos e actividades para nenos e nenas. Fóra do programa tamén se inaugurou unha mostra de pintura de Jacoba Landeira, que poderá verse ata o 5 de setembro en Santa María.

## O Concello sacará unha nova liña de axudas para a hostalaría local

O concelleiro de Cultura, Agustín Méndez, anunciou que o Concello convocará estes días unha nova liña de axudas para autónomos e empresarios do sector da hostalaría e a restauración.

Consistirán nunha aportación de mil euros para cada un dos establecementos que tiveron que pechar durante os quince días nos que o Concello estivo no nivel alto de restricións.

O prazo para solicitálas será do 10 ao 30 de agosto e a convocatoria farase pública nos próximos días, momento no que se darán a coñecer os mecanismos para solicitálas.

“Sen dúbida, a hostalaría e a restauración é o sector máis afectado pola covid e queremos paliar un pouco a situación que viviron, en especial cando tiveron que pechar preto de quince días”, explica Méndez.

O Concello de Meira xa repartiu o ano pasado unha serie de axudas dentro do plan Revitaliza o teu Municipio, que foron solicitadas por 69 persoas e todas foron concedidas.

## Remata a construción da pista de pádel



A nova pista de pádel de Meira

O Concello de Meira rematou xa as obras de construción da pista de pádel, que está situada ao lado da nova área de autocaravanas, inaugurada no ano 2019.

De feito, entrará en breves días en funcionamento. O Concello está a preparar o sistema de reserva da pista, que será on line e aberta a toda a veciñanza e que comezará a funcionar en breve.

As obras foron financiadas cunha aportación da Xunta de Galicia, dende o departamento de Deportes, e tiveron un orzamento de 28.000 euros, dos que o ente autonómico aportou 20.000 e o resto

foi con cargo aos fondos propios do Concello.

A obra conta nun primeiro momento con facer o peche da pista e a intención do Goberno local é cubri-la en canto sexa posible, tal e como explicou o concelleiro responsable desta área, Agustín Méndez.

“O obxectivo será poder cubri-la para utilizala de cara ao inverno, para o que buscaremos tamén financiamento”, indica Méndez. Segundo explica o concelleiro, esta pista era unha “das promesas que tiñamos para cumprir e xa está en marcha”, engade.

**gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo  
27800 Vilalba (Lugo)  
Tel. 982516550

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL  
Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
Tlf 982 523 649 - 982 523 601  
619 41 53 56 - 650 61 12 60  
ALÉN

## A asociación mellora a sinalización dos roteiros de Avelino Díaz

A asociación cultural Avelino Díaz segue a traballar no obxectivo final de conseguir para o poeta local a distinción do Día das Letras Galegas. Para iso o colectivo está a deseñar e acondicionar dous novos roteiros en Meira e Riotorto, especialmente dirixidos aos escolares, co obxectivo de fomentar as visitas dos centros educativos á localidade. O primeiro destes itinerarios xa foi estreado fai o pasado mes de xuño e leva por título Andainas con Avelino. Paseo, poemas e xogos familiares. A satisfacción polo resultado obtido trouxo a idea de continuar con estas ideas, razón pola que están a preparar os novos roteiros. O segundo roteiro que teñen en mente incluíría tamén un dos grandes símbolos meiregos, o Pedregal de Irimia dirixido para os grupos de alumnos de máis



Voluntarios colocando os novos sinais

idade. Este está aínda pendente de rematar o seu deseño. Así, serían tres as propostas vinculadas a Avelino Díaz, xa que actualmente está en funcionamento o roteiro de dez quilómetros que une a casa natal de Avelino, no lugar de Travesa da parroquia da Órrea, en Riotorto,

coa casa na que Avelino viviu en Meira, na Pena. Precisamente neste itinerario están a traballar voluntarios da asociación, que están a renovar toda a sinalización. De feito, colocáronse algo máis de 20 novos indicativos, financiados pola Deputación de Lugo.

## O PSOE critica ao alcalde por ter as pistas e camiños aínda sen rozar

O voceiro Socialista, José García denunciou que o Goberno do PP de Clemente Iglesias, "ten completamente abandonadas e sen rozar as pistas forestais e municipais do Concello". Ademais tamen aludiu á ruta do Ferro, "un atractivo turístico máis da nosa vila que esta desatendida". Así o dixo, tras as queixas que lle trasladaron as propias veciñas e veciños da vila, "quen criticaron esta

lamentable situación". Advirte ademais que "hai pistas da nosa vila que non se tocan dende o ano 2015", e lembra que durante o último goberno progresista de Riotorto "realizaríamos unha limpeza en 300 quilómetros de pistas do Concello a través dun Convenio", remarcou. García critica que a "día de hoxe moitas destas pistas están intransitables, o que dificulta o tránsito dos nosos

gandeiros por estas vías así como o traslado ás súas explotacións agrícolas". E insistiu "o Goberno do PP parece que está máis preocupado por saír nos medios de comunicación que por solventar os problemas da veciñanza", remarcou. "Dende aquí emprazamos ao alcalde a que se poñan a funda e se poñan e traballar por mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza", resumiu.

## Órrea non terá festa pero si oficios relixiosos, unha charla e unha reunión veciñal

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea decidiu un ano máis suspender as festas patronais debido á situación sanitaria, que malia que no Concello non hai casos si é preocupante en toda a contorna. Así, o propio día da festa, o sábado 7 de agosto haberá só oficio relixioso, que será ás 13.30 horas con procesión na honra de Santa Comba e de San Antonio, que estará ao cargo do padre José María Huertas Hermida. Ademais, esa mesma tarde, os veciños organizaron unha charla sobre o Plan Básico Municipal e sobre as

súas repercusións na parroquia. A ponencia estará a cargo de Óscar Fernández, responsable da empresa Xelda, Eido Rural. Será o ás 18.30 horas no local social. Entre outros asuntos analizarse cada caso. Finalmente, o domingo, a asociación celebrará a súa asemblea xeral anual, na que se votará a renovación da directiva, o orzamento, as previsións para este ano e as necesidades actuais da parroquia. A asemblea terá lugar ás 18.30 horas do domingo 8 de agosto, tamén no local social.

## O Concello busca terreos para unha residencia de maiores

O Boletín da Provincia recolle o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Riotorto polo que se destina unha partida de 56.000 euros para a adquisición de terreos que irán destinados á construción dunha residencia da terceira idade no termo municipal. Deste modo, todas aquelas persoas que desexen ofrecer algún terreo coas características adecuadas para a construción dunhas instalacións con estas características teñen de prazo

ata o próximo día 29 para facelo nas oficinas municipais. O anuncio indica tamén que nas dependencias municipais ofrécese información sobre a documentación que teñen que achegar e resólvense as dúbidas que poidan xurdir. Os criterios para a elección do lugar no que o Concello promoverá a construción da residencia atópanse recollidos nuns pregos que tamén se poden consultar nas oficinas municipais.

## O alcalde acusa á Deputación de discriminación polo polígono

O alcalde de Riotorto, o popular Clemente Iglesias emitiu un comunicado no que acusa á Deputación de discriminación coa veciñanza ao ter parado o proxecto do polígono. O alcalde referiuse para isto ao anuncio da Xunta de Goberno da Deputación de que financiarán a redacción do proxecto do polígono industrial da Fonsagrada. "En Riotorto, xa temos o proxecto de urbanización do polígono industrial e todas as autorizacións sectoriais, solo falta sacalo a licitación polo importe de 402.000 euros, cousa que ten que facer a Deputación, explica Iglesias. Afirmar por tanto que as empresas locais de Riotorto e os veciños "sentímonos discriminados polo ente provincial e polo seu presidente, no que as inversións en parques industriais dependen da cor política de quen governe no Concello. Fonsagrada SI,

Riotorto NO". O mandatario engade que Riotorto necesita un polígono industrial xa, "as empresas locais demandan este tipo de infraestrutura para conseguir emprego local e unhas parcelas industriais para o desenvolvemento económico do noso municipio". Critica tamén aos concelleiros do PSOE no Concello "que non queren que se faga en Riotorto o polígono industrial, e están a boicotear calquera inversión da Deputación". "Non queremos e non vamos a permitir que a Deputación discrimine a un municipio pola súa cor política e advertímoslle que non vamos a permitir que existan cidadáns de primeira e de segunda.", ameaza o alcalde. Engade tamén que desde o pasado 8 de xaneiro están esperando a concesión dunha entrevista con Tomé para abordar este asunto.

### PROXECTOS DE MOBLES MODULARES




**Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio**

**ASESÓRATE CON NÓS!**

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

M

Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

## Aprobado un orzamento de 4,7 millóns de euros

O Concello de Castro de Rei aprobou, cos votos a favor do grupo de goberno do PP e a abstención de PSOE e BNG, un orzamento de 4.766.806,48 euros, dos que uns 800.000 irán destinados á mellora de estradas.

De feito, entre as reservas de cartos máis importantes para este exercicio contarán con axudas do Plan Único da Deputación, o Plan Marco autonómico e outra de Vicepresidencia para a mellora de accesos.

As contas son inferiores ao pasado exercicio, aínda que os investimentos non serán menores xa que algunhas obras quedaron pendentes e por iso non figuran nos orzamentos deste ano xa que estaban no pasado e se farán con cargo ao remanente. Entre elas figura a primeira fase da rede de abastecemento de auga en Castro, á que se destinan 680.000

euros, achegados nun 80% por Augas de Galicia e o resto polo Concello. Nesta situación tamén está a segunda fase da mesma obra, que ten un orzamento de 400.000 euros.

Ademais das obras, tamén haberá cartos para persoal, 4,7 millóns de euros, que supón un 25% do total (preto de 1,19 millóns), mentres que a máis elevada é a de gastos correntes en bens e servizos, que leva a metade dos fondos.

Pola súa banda, oa área de servizos sociais incrementa a súa partida con 400.000 euros máis que o ano pasado. No capítulo de ingresos, figuran preto dun millón de euros de impostos directos, medio millón en taxas e prezos públicos, outro medio en transferencias de capital e máis de dous millóns en transferencias correntes.

## Ponte de Outeiro terá festa

A comisión de festas de Ponte de Outeiro volverá celebrar este ano as súas patronais, aínda que xa anunciou que o fará dun xeito diferente. Polo de pronto, xa están a traballar na organización e para facer unha sorpresa para esta edición están a solicitar aos veciños imaxes do pobo,

das festas, das casas e da xente. Os que poidan colaborar deberán envalas ao teléfono 628 631 157 xa que queren este ano centrarse na historia do pobo. As patronais celébranse a primeiros de setembro e o ano pasado fixeron a festa de forma virtual co lema *Se non hai festa, faise*.

## O PSOE pide melloras nos accesos ao centro de saúde

Os socialistas de Castro de Rei demandan ao goberno do PP "que habilite unha baranda ou similar na rúa que da acceso ao centro de saúde pola perigosidade na que se atopa actualmente. E tamén solicitan que se revise a rampla que da acceso ao mesmo, para que cumpra con todas as garantías de seguridade deste tipo de pendentes", sinalan na proposta.

Dende a Agrupación Socialista lembran que "o Concello de Castro de Rei executou obras de mellora no entorno do Centro de Saúde de Castro de Rei a través do Plan Único da Deputación 2020. E investiu un montante económico de 99.600 euros



Acceso ao centro de saúde

para acondicionar as beirarrúas da rúa alcalde Emilio Sinde Nieto. Pero unha vez rematadas estas obras comprobamos que distan moito de mellorar o acceso ao centro de saúde da vila e a seguridade dos peóns que transitan por ela", advirten.

## Licitan por 355.400 euros a segunda fase da traída

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de publicar na Plataforma de Contratos de Galicia a licitación das obras da segunda fase da mellora do abastecemento de auga ao concello de Castro de Rei, por un importe de 355.420 euros.

Os traballos serán cofinanciados entre ambas administracións, segundo o convenio de colaboración asinado. Así, Augas de Galicia achegará o 80% e a entidade local o 20% restante.

As empresas interesadas poden presentar ofertas ata o día 31 de agosto e as obras terán un prazo de execución estimado de seis meses. Servirán para mellorar as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial, para evitar os problemas de abastecemento que se producen en época estival.

Trátase dunha nova actuación que lle dará continuidade á primeira fase da mellora do abastecemento, aprobada nun convenio anterior co Concello. As obras foron contratadas por Augas de Galicia o pasado mes de xuño e xa están en marcha. A primeira fase conta cun investimento de 630.000 euros para construír dous tramos de tubaxe de abastecemento de fundición no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e inmediacións do termo municipal. Proxéctase tamén a execución de varias arquetas de formigón armado para aloxar as ventosas e desaugues proxectados, así como as conexións coa rede existente.



O alcalde, supervisando o inicio das obras

As novas obras complementarán a primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de conducción que se vai desenvolver na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, emprégase unha conducción de 1.529 metros con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

A solución proxectada por Augas de Galicia no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes do municipio de Castro de Rei de cara ao ano 2040.

As actuacións serán financiadas no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á covid-19.

**LICENZAS URBANÍSTICAS.** A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, felicitou ao alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, por ser quen de reactivar a concesión de licencias urbanísticas

no municipio grazas á aprobación do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

Ángeles Vázquez e Francisco Balado mantiveron esta semana unha reunión, na que o rexedor valorou que contar cunha ferramenta urbanística actualizada e acorde á lei actual é unha garantía para permitir un crecemento ordenado e sostible.

Castro de Rei converteuse, en xullo de 2020, no último concello da provincia de Lugo en aprobar un PXOM, o primeiro co que conta este municipio de pouco máis de 5.000 habitantes que anteriormente se rexía polo Plan básico autonómico.

A conselleira e o alcalde coincidiron en que abordar a redacción dun plan xeral non é unha tarefa fácil, pero si necesaria para garantir a evolución e o crecemento urbanístico dun municipio. "Hoxe, co desbloqueo das licencias urbanísticas, visualízanse os primeiros froitos de contar cun PXOM nun concello como Castro de Rei", manifestou a conselleira.

## A Xustiza reconece a relación laboral dos falsos autónomos de Frigolouro

O Xulgado acaba de ditar unha sentenza que reconece a relación laboral de 105 falsos autónomos que prestaban servizos para Frigolouro en Lugo. Trátase dunha nova vitoria dos servizos xurídicos de CCOO, que hai máis de tres anos iniciou unha intensa campaña contra a figura dos falsos autónomos no sector cárnico.

Grazas a ela logrouse regularizar a situación de centos de traballadores. Estes falsos autónomos prestaban o seu servizo como "socios cooperativistas" de Servicarne para a empresa Frigolouro, pero en instalacións adscritas a Novafriga. As dúas últimas empresas pertencen ao Grupo Coren, mentres que a primeira perdeu en 2019 a condición de cooperativa. Ao longo de 45 páxinas, a sentenza baséase no labor sindical e xurídico realizado por CCOO nos últimos anos e declara probada a relación laboral entre os falsos autónomos e o Grupo Coren. De feito, a propia Coren xa os asumiu no seu cadro de persoal no 2019.

**FRAUDE MILLONARIA.** A sentenza abre a porta a unha reclamación económica contra Servicarne e Coren polas cotas de autónomos indebidamente pagadas nos últimos catro anos, así como polas cotizacións que deixou de percibir a Seguridade Social, motivo este polo que a Tesouraría Xeral foi parte demandante.

Segundo CCOO-Industria, a fraude polo uso dos falsos autónomos no sector cárnico é "millonaria". No caso que ocupa esta sentenza, só as cotas de autónomos que as empresas deberían devolver aos 105 ex cooperativistas "poderían supoñer millón de medio de euros".

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138





Finalización das obras da pista deportiva de Aguarda

## Constrúen pistas deportivas en Aguarda e Fonmiñá e licitan obras de camiños no rural

O Concello da Pastoriza rematou estes días coa construción de dúas pistas de formigón nas parroquias de Aguarda e Fonmiñá.

Estas instalacións están ubicadas na contorna das respectivas igrexas e tiveron un orzamento de 15.430 euros cada unha.

O obxectivo das mesmas é facilitar a práctica deportiva ao aire libre dos veciños nun lugar céntrico nas respectivas parroquias. As pistas teñen unha extensión de 440 metros cadrados cada unha, para adaptarse a diferentes prácticas.

Por outra banda, os traballadores municipais estiveron tamén realizando labores de limpeza nas zonas verdes de Bretoña, entre outros traballos de mellora.

**ZONA RURAL.** O Concello da Pastoriza ten en licitación dous proxectos de obra que corresponden coa pavimentación de diferentes vías e accesos no rural.

Así, aberto todavía na presentación de propostas está o proxecto de pavimentación e accesos aos núcleos de Bretoña, Seselle, A Castiñeira, Aveal, San Cosme, Postela, As Fontes e Marquide.

A actuación proxectada consiste na

pavimentación de nove viarios que presentan un mal estado de conservación debido á súa antigüidade, o uso e as inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe proceder á súa rehabilitación. Estas rexeneracións realizaranse nun total de 5.943 metros.

Este proxecto ten un orzamento de 135.000 euros e un prazo de execución de tres meses, ademais dun prazo de garantía dun ano. Estas obras están ao cargo do Plan Único da Deputación provincial e as ofertas das empresas poderán presentarse ata o 11 de agosto.

Xa pechou tamén o prazo de recepción de ofertas para a obra de mantemento e mellora de camiños en As Fontes e Fitoiro. Este proxecto ten por obxecto proceder ao rehabilitación de dous camiños municipais dentro do viario municipal do Concello. Estes camiños atópanse moi deteriorados debido á súa antigüidade, uso e inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe proceder á súa rehabilitación. As obras, con cargo ao Agader, tamén teñen un prazo de execución de tres meses e a garantía dun ano pero o orzamento é de 68.311,76 euros.

## Asapa renóvase e aposta polas celebracións e a feira mensual

Unha nova directiva vén de poñerse á fronte da Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza, Asapa, co ánimo de darlle un impulso a este colectivo que tivo a súa orixe no ano 2008 e que xa foi presidido anteriormente por dúas mulleres, Ana e Teresa.

O novo presidente é Marcos García Lombardero, que conta co apoio de tres mulleres na dirección, Sisi González como secretaria, Teresa Prado de tesoureira e María López ao cargo das redes sociais e márketing.

O primeiro dos cambios do novo equipo, que tomou posesión hai tres meses, foi a elaboración dunha imaxe corporativa, co seu propio logo, que xa é visible nas redes sociais, que están a tomar xa relevancia na comunicación municipal.

E é que a Asapa tiña unha importante actividade de sempre. De feito, era a encargada da celebración da festa do Requeixo, do Magosto e do Lume Novo de San Xoán, as tres deixaron de celebrarse, a última por culpa máis ben da covid. Ademais, a través dela celébranse tamén o Entroido e as festas patronais da Pastoriza, malia que para esta última hai unha comisión organizadora, pero todos os trámites pasan a través deste colectivo.

De feito, o seguinte paso do colectivo será recuperar as tres celebracións. “Estamos decididos a volver celebrar o Magosto e o Lume Novo pero o do Requeixo vémolos complicado, pero tentaremos facelo de todos os xeitos”, explica Marcos García. Esta celebración foi suspendida hai nove anos e tiña data de celebración a finais do mes de xullo.

**CAPTACIÓN DE SOCIOS.** O novo equipo directivo da asociación está a traballar agora mesmo na captación de socios. Actualmente son 32 pero esperan poder acadar os 60 negocios na propia capitalidade municipal e despois poder ampliarse ata o resto das parroquias.




A directiva, arriba, e o novo presidente, Marcos García, abaixo

Aínda que non é tan visible, o traballo nestes intres céntrase na oficialización de todo o feito ata o de agora. “Xa había socios e moitas cousas feitas, pero era todo de palabra, agora imos ir asentando as bases, tras rexistrala e dala de alta”, explica.

Coa aprobación das bases chega a ampliación da sociedade “imos visitando local por local, dámoslle a oportunidade de entrar co pago dunha pequena cota e se queren entrar ben e senón teñen a oportunidade de incorporarse cando queiran”, explica García Lombardero.

Así, un dos obxectivos da Asapa é que se incorporen todos os comerciantes da Pastoriza para facer máis forza “imos intentar facer un pouco de presión para que se fagan cousas no pobo, que todo o que poda celebrarse se faga, polo moito que reportan estas accións para a economía local. Que cando unha empresa faga o seu balance vexa que cando hai feria ingresa máis cartos, é dicir, que os cartos queden na Pastoriza e se movan aquí”, explica.

**AS FEIRAS.** Impulsar a actividade era unha prioridade, así unha das primeiras medidas que se tomaron foi o cambio da feira de ser semanal, os martes, a facer unha vez ao mes. A data escollida foi o primeiro sábado de cada mes. “Optouse por un sábado porque durante a semana contamos con moito movemento de veci-



ños debido tamén ao centro médico pero a chegada da fin de semana implicaba unha caída dos visitantes”, engade.

Esta medida parece ter asentado xa que comezaron con 5 vendedores, pasaron a 9 e agora xa son 15 os postos que se colocan cada sábado de primeiro de mes na Pastoriza para a súa feira mensual, que intenta animarse con distintas actuacións para traer máis público. Non descartan seguir aumentando os postos “pero o importante é mantela”.

A seguinte feira será o 7 de agosto e xa para setembro, o día 4, que coincidiría coas festas patronais, a intención, xa que a comisión non ten previsto facer festa debido á situación pandémica actual, é traer un trío para poñer algo de música.

Polo de pronto, este 6 de agosto, no día previo á celebración da feira, realizarase un sorteo nas redes sociais e no día da feira farase entrega do premio ao gañador.

## Por segundo ano, sen Festival da Chaira

A comisión organizadora do Festival da Chaira anunciou que este ano tampouco haberá festival, e xa son dous consecutivos, debido á incidencia da pandemia da covid, que na Pastoriza ademais está moi elevada.

O ano pasado celebrouse un festival virtual para non esquecer a data habitual desta celebración e este ano, a organización compartiu un enlace a actuacións de

anos anteriores.

“Este ano a cousa segue complicada... e fai que para unha entidade pequena como é a asociación cultural A Chaínza nos vexamos incapacitados para manter uns niveis de seguridade para todos. Deste xeito, anunciamos que este ano non haberá o que sería o XVI Festival da Chaira, e só o podemos celebrar dende os nosos coirazóns”, explicaron.

**A Lareira**  
Taberna Galega  
Restaurante

Rúa do Sol, 4  
27800 Vilalba, Lugo  
Tel.: 982 512 842

## EN BREVE

**PISCINA.** Abriu finalmente a piscina municipal da Feira do Monte, aínda que o fixo con aforo limitado a 165 persoas polo que os interesados en acudir deberán mercar a entrada con antelación no Concello entre as 9.00 e as 15.00 horas. O prezo das entradas é de 1,90 euros para adultos e de 1 euro para o nenos ata 15 anos e o horario de funcionamento de 12.00 horas a 20.00 horas de luns a venres. Pódense facer reservas para entrar nas taquillas das piscinas ou no teléfono 613 111 954. Non se permite o uso das duchas e vestiario.

**O LAR DO ACIVRO.** O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, visitou a Casa de Familia, da Asociación Fogares LAR, en Muimenta. Neste centro os oito mozos e mozas tutelados pola Xunta de Galicia que acolle realizan actividades que garanten a súa estabilidade e tamén o seu futuro máis próspero. Durante a súa visita, aproveitou para coñecer as actividades que desenvolven diariamente os educadores, que dedican a súa xornada a formar aos máis novos e a inculcarlles valores de educación ou ocio saudable, pero sobre todo familiares.

## Aprobadas as contas coa abstención do PSOE, que volveu preguntar polas axudas

Nun novo Pleno de trámite en Cospeito, foi aprobada por unanimidade a moción presentada polos socialistas pola que se pedía a Abanca que volvea ao horario completo da oficina na Feira do Monte, que deixou reducido o servizo a dous días á semana.

Así mesmo, o PSOE volveu demandar información sobre cuestións de relevancia. Así, preguntou polo estado no que se atopa o trámite das axudas a autónomos, e a contratación da nova empresa para rematar o Plan Xeral.

Nos dous casos, a situación está en trámites aínda. As axudas seguen ser definirse e o hai unha empresa en trámites de ocuparse do Plan Xeral "pero nada en firme", explica a concelleira solialista Rosa Morán. A socialista advirte da "necesidade de hacer efectivas as axudas agora, que son cando a xentes as necesita".

Outro dous temas que se levan continuamente a Pleno é

o estado no que se atopan as traballadoras do servizo de Axuda no Fogar. "Preocúpanos que a atención aos maiores sexa correcta e que se cumpra así mesmo o convenio dos traballadores xa que a empresa que se fixo cargo do servizo fixo unha baixa temeraria e non queremos que eso inflúa na xestión do servizo", insistiu. Ademais, engadiu que o alcalde asegurou no Pleno que se está a cumprir.

**SUBVENCIONS.** Recordou o PSOE, por boca de Morán, que aínda non se executou a subvención concedida para arranxar a contorna da lagoa e no miradoiro e que tampouco se executou o amaño de pistas que están en moi mal estado. "Dixo que en breve comezarían", afirma a socialista.

Na sesión aprobáronse tamén as contas xerais, nas que se abstivo o PSOE "porque hai moitos trasposos de partidas e resultan confusas".

## Cerimonias de clausura no campamento e na gardería municipal



Cerimonia de clausura do campamento

O Concello de Cospeito clausurou estes días o campamento de verán que se desenvolveu no termo municipal con participación de 53 rapaces, a práctica totalidade do aforo establecido, que era de 60.

Os pequenos gozaron dunha xeira de actividades para todos os gustos durante o mes de xullo en horario de conciliación entre as 8.00 e as 14.30 horas. Na clausura fíxose entrega duns diplomas e dunha revista con resumo do que foi o campamento con fotos de todos os participantes. Por outra banda, o Concello tamén

fixo a clausura do curso escolar na gardería municipal, onde os máis pequenos recibiron tamén os seus correspondentes diplomas e unha orla ataviados co sombreiro de graduado. Foron 7 os rapaces graduados que recibiron de agasallo un CD con imaxes e vídeos do seu paso pola escola infantil.

A responsable de Cultura, Menores e Educación, Rocío García Corbelle, foi a encargada de clausurar os dous actos, acompañada no campamento polo concelleiro Álvaro Puente Seijas.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ABADÍN**  
Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

**A PASTORIZA**  
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

**AS PONTES**  
Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

**BEGONTE**  
Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

**CASTRO DE REI**  
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

**COSPEITO**  
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

**FRIOL**  
Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

**GUITIRIZ**  
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

**MEIRA**  
Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

**MURAS**  
Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

**OUTEIRO DE REI**  
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

**POL**  
Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

**RÁBADE**  
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**VILALBA**  
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

**XERMADE**  
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TELÉFONOS DE INTERESE

# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.



## DEPUTACIÓN

# O Pleno acorda instar á Xunta a reforzar a Atención Primaria

A Corporación da Deputación de Lugo acordou no Pleno ordinario de xullo reclamarlle á Xunta de Galicia que elabore un plan de choque para dotar de medios humanos os cadros de persoal do Sergas, medidas de reforzo para a Atención Primaria, na que recortou máis de 1.100 prazas dende que goberna o Partido Popular, a recuperación do sistema de rastrexo da Covid-19 e o mantemento das camas hospitalarias en funcionamento. A proposta, presentada polo Goberno provincial, saíu adiante coa apoio do PSdeG e o BNG, e cos votos en contra do PP.

Con respecto aos cadros de persoal, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, explicou que “hai que revertir os recortes feitos polos sucesivos gobernos do PP, faltan especialistas e a idade media dos profesionais do sistema fai prever que as xubilacións dos vindeiros anos van agravar as carencias”.

Así mesmo, a Deputada incidiu na situación de sobrecarga de traballo que sofren os centros de saúde da provincia debido á incidencia da pandemia da Covid-19 entre os grupos de idade máis novos da poboación e pide que se recupere o sistema de rastrexo desta enfermidade que se puxo en funcionamento meses anteriores, de tal maneira que “a acción dos rastrexadores contribúa a aliviar ese colapso que se vive na Atención Primaria. Feijóo non foi capaz de prever o que antes do verán indicaban os expertos: o virus buscaría novos brancos como as persoas máis novas, e por iso se están disparando os contaxios nesta parte da poboación”.



A voceira socialista do Goberno explicou que é necesario que o Executivo autonómico manteña todas as camas hospitalarias dispoñibles este verán “porque non é aceptable que nun momento de emerxencia sanitaria como o que vivimos debido á pandemia se pechen recursos pola decisión de non cubrir as vacacións do persoal”.

**GALICIA MÁRTIR.** A moción do BNG en demanda da institucionalización do 17 de agosto como Día da Galiza Martir foi aprobada polo Pleno provincial, que insta así a Xunta de Galiza a recoñecer a data, que coincide co cabodano do fusilamento de Alexandre Bóveda, como “celebra-

ción nacional en Galiza, en memoria e homenaxe de todas as galegas e galegos que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente”

A proposta presentada polos nacionalistas, e apoiada polo PSdG, saíu adiante malia a oposición do Partido Popular que no debate plenario “se puxo de perfil” evidenciando un “xiro” que, segundo remarcou o voceiro nacionalista Efrén Castro, “fai que estas propostas, que son unha reivindicación histórica do BNG, sexan hoxe máis necesarias ca nunca”. “O Día da Galiza Mártir pretende homenaxear as persoas asasinadas e represaliadas por defenderen os dereitos democráticos. As institucións temos a obriga de contar a historia como foi e repoñer as vítimas. Dino todos os tratados internacionais e fano outros estados, independentemente da súa ideoloxía”, argumentou o voceiro do BNG.

A conmemoración do Día da Galiza Mártir foi instaurada en 1942 en Bos Aires, polos galegos no exilio, na honra de Alexandre Bóveda, fusilado na Caeira, en Poio, no 1936, tras un xuízo militar sumarísimo.

O voceiro do PP, Javier Castiñeira, lamenta que PSOE e BNG “ridiculicen a quen traballa”, evitando sumarse ao proxecto de AJE Lugo nos Fondos Next Generation. Os populares levaron esta moción ao pleno porque “é o futuro” e para impedir que o goberno provincial siga “chegando tarde a todo”.

## Ponse en marcha Saborea a túa provincia



Presentación do programa no pazo de San Marcos

Púxose en marcha o programa Saborea a túa provincia cunha demostración das xornadas gastronómicas e lúdicas que percorrerán a provincia na praza de San Marcos. Viveiro acolleu a primeira parada, unha cita gratuíta que recalará tamén nos concellos de Burela, Lourenzá, O Valadouro, A Fonsagrada, Guitiriz, Láncara e Monforte de Lemos ao longo das fins de semana do mes de agosto.

Cada unha das xornadas do Saborea a túa provincia arrancará ás 11.30 horas e prologarase ata as 19.30, e contará con catro espazos diferenciados. Primeiro, un autobús-cociña onde profesionais da asociación provincial de cociñeiros e cociñeiras de Lugo elaborarán receitas con produtos típicos de cada zona. Utilizarán alimentos con distinción da súa calidade polo selo Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, como a Faba de Lourenzá, a Patata Galega,

o Pemento de Mougán, o Lacón, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregarán nas súas elaboracións razas autóctonas como o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. Estas demostracións culinarias poderán seguirse nunha pantalla xigante, terán lugar pola mañá e poderán participar un máximo de 50 persoas.

Tamén haberá unha degustación de pratos elaborados con produtos de proximidade. Esta actividade terá lugar polas tardes e poderán participar ata 100 persoas. Continuarán con conferencias e catas da man dos responsables de produtos con recoñecemento de Denominación de Orixe e Indicación Xeográfica Protexida da Provincia. O outro espazo estará dedicado a concertos, nos que actuarán grupos musicais da zona, e a espectáculos de maxia para os máis pequenos da man do Mago Rafa.

## Aberto o prazo das axudas para a mellora de servizos no rural

A Deputación de Lugo abriu o prazo para solicitar as subvencións do programa de Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios do rural que conta cunha dotación económica de 300.000€. Trátase dunha liña de axudas de concorrencia competitiva á que poderán optar durante un mes -ata o vindeiro 28 de agosto- as entidades asociativas da provincia.

Poden pedir estas axudas, que oscilarán entre os 1.000 e os 6.000€, entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e usuarias de augas, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros,

agricultores ou produtores forestais da provincia para realizar investimentos en inmobles ou para equipamentos que sirvan para mellorar a calidade de vida, e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Entre as actuacións atópase a mellora de vías públicas e accesos; as obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade; adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade; obras novas de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas.

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en  
**Loterías Alcázar**  
Administración de loterías dende 1927

16 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!  
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018  
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

# TERRA CHÁ



A candidata á presidencia do PP, Elena Candia

## Elena Candia presenta a súa candidatura á presidencia do PP

Elena Candia entregou á Comisión Organizadora do 18 Congreso Provincial máis de 1.600 avais, formalizando así a súa candidatura a revalidar a presidencia do PP o vindeiro 19 de setembro. Deste xeito, non só triplica o número de apoios recibidos en 2016, ano no que ocupou por primeira vez a presidencia da formación, senón que o fai sendo respaldada por afiliados de todas as agrupacións da provincia. Superado este trámite, tal e como esixe o regulamento da formación para poder optar á reelección da presidencia, a popular sinalou que o que persegue é “liderar un proxecto baseado no traballo en equipo, que teña no centro a Lugo e unha estratexia de provincia, avalada no diálogo e no consenso”. Neste senso, Candia precisou que “quero un proxecto que busque o equilibrio entre a ilusión da renovación e a serenidade, e a responsabilidade da experiencia”; un proxecto, en definitiva, dixo, “fundamentado tamén en valores, en principios, en compromiso de

traballo, próximo á xente, humilde, entregado e, sobre todo, intelixente. No centro Lugo cidade e provincia, e con proximidade”, remarcou.

**RETOS.** Visiblemente emocionada, Elena Candia non dubidou en recoñecer que se amosa “con máis experiencia pero, con moita máis ilusión, despois dese 6 de abril de 2016”, e afirma que o volve facer logo de escoitar a alcaldes, voceiros, afiliados que lle trasladaron o seu apoio e o seu punto de vista. “Quero liderar un proxecto que ten como principal obxectivo o de convencer os lucenses de que merecemos unha oportunidade de goberno na Deputación e na cidade”. E é que segundo indicou, “percibimos a decepción dos bipartitos na rúa”. A modo de exemplo destacou que “temos un presidente da Deputación que vive de rendas do proxecto anterior que cheo foi de demonizar e que agora intenta rendibilizar, pois nin unha soa medida positiva saída do ente provincial leva a súa pegada”.

## A covid-19 comeza a remitir


A quinta vaga, que xa pasou o pico, notouse máis en Vilalba e As Pontes

O virus da covid-19 volve ser o protagonista do verán tanto na comarca como no resto da provincia, comunidade autónoma e estado. A chegada do bo tempo e dos turistas, combinando coa relaxación de medidas trouxo un aumento descontrolado, con especial virulencia nos menores de 30 anos, que están sen vacinar.

Nesta ocasión, o foco principal estivo na Mariña con concellos como Viveiro, Burela e Foz en cifras tan altas que levaron á provincia, por primeira vez en meses, a acadar a alerta máxima.

Na Terra Chá, os datos de contaxios principais estiveron en Vilalba e As Pontes, ambas as dúas en alerta, tras un crecemento brusco na vila coruñesa debido a un gromo entre a mocidade.

Aínda así, parece que o peor xa pasou e comezan a remitir os novos contaxios na maior parte dos concellos. O que si está alta é a hospitalización, coas UCI recibindo pacientes, pero tamén contan cunha tendencia á baixa. Por outra banda, tras moitas semanas sen defuncións producíronse cinco nesta quinta quenda da covid, todos maiores e con patoloxías



previas.

Ademais, coa intención de parar o crecemento, fixéronse distintos cribados entre a poboación moza, a máis afectada, pero a participación foi moi escasa o que levantou numerosas críticas.

Coa chegada da quinta vaga, chegaron tamén novas restricións. Non volve ser obrigado o uso de máscaras ao aire libre pero quedan restrinxidas as reunións de non conviventes, limitadas en exterior de 10 persoas e a 6 en in-

terior. Tamén redución aforos na hostalaría e faise obrigado presentar un certificado de vacinación ou unha PCR negativa para poder entrar nestes locais nos concellos en alerta máxima ou alta. Si pecha o ocio nocturno pero non haberá tampouco peche perimetral.

Se a tendencia á baixa continúa e avanza a vacinación, que xa comezou entre os menores de 30 e un grupo de 16-18, é probable que volvan a rebaixar as restricións antes de que remate o verán.

## Os autómatas de Kinetiko visitan seis concellos

A mostra de autómatas Kinetiko visitará trinta concellos nos meses de agosto e setembro.

A exposición inclúe oito pezas únicas, deseñadas e construídas polo titiriteiro Ero Vázquez, de Trécola, e do xogueteiro Manu Taboada, da Chintofanería, que se uniron no proxecto Xira Paus. A partir do movemento dunha manivela ou dun pedal, nas distintas estruturas cobran vida personaxes que repro-

ducen sons e melodías –un pandeireteiro, unha guitarrista – e que recrean pequenas historias.

A mostra está pensada para que o público poida manexar os mecanismos das distintas pezas e ver como funcionan. Así, os seus creadores estarán nas distintas localidades para facer demostracións e guiar ás persoas asistentes na visita.

O deseño e construción de autómatas -enxeños que se moven imi-

tando seres vivos-, moi ligado ao mundo do teatro e do xoguete, é, segundo explica Ero Vázquez, unha actividade que ten precedentes na Grecia Antiga e que se mantivo ao longo do séculos en diferentes culturas.

A xira comezou en Rábade o 2 de agosto e seguirá, na comarca, por Meira, o 13; Guitiriz o 15; e no mes de setembro estará o 11 en Begonte o 21 en Pol e o 23 en Xermade.

## As obras obrigan a cortar o tráfico nun tramo da AG-64

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade retomou os traballos de rehabilitación estrutural do firme na autovía AG-64 (Ferrol-Vilalba), concretamente entre o enlace de Cabreiros, punto quilométrico 42+500, e o final na intersección coa A8, no 55+900.

Para executar estas obras coa maior seguridade posible, faise obrigado o

corte dunha calzada da autovía, de modo que o tráfico en sentido As Pontes será desviado pola estrada LU-861. O período inicial estimado de execución desta segunda será de 4 semanas, podendo variar en función das condicións meteorolóxicas. Os traballos prevén a rehabilitación do firme, o repintado da sinalización e unha mellora da drenaxe.

## Muras, Xermade e Cospeito álzanse contra as medidas de Abanca no rural

Os veciños de comarca acumulan este mes varias queixas pola supresión dos servizos de Abanca en varias localidades. Aínda que é unha cuestión xeralizada en toda a provincia, son os veciños de Muras, Xermade e Cospeito os que clamaron nesta ocasión pola marxinación que está sufrindo o rural. A resposta da entidade bancaria é que necesitan un respaldo económico da Administración para continuar con estas oficinas abertas. Os veciños de Muras manifestáronse polo peche da única oficina de Abanca en todo o Concello. O goberno local propuxo este acto reivindicativo ao que se uniu toda a vila para amosar a súa desconformidade coa previsión do peche da entidade bancaria e pedir que se siga mantendo en funcionamento, xa que é a única sucursal bancaria que ten este Concello.

Así, baixo os lemas *Non ao peche!* e *Non á desaparición do rural!*, colocaron pancartas e leron un manifesto ao que se sumou toda a poboación para pedir que non se pechen esas dependencias e continúe, en consecuencia, prestando o servizo como viña facendo ata o de agora.

**XERMADE.** Pero, ademais disto, outra das queixas veciñais ten que ver coa atención bancaria na propia vila,



Concentración en Muras contra o peche da oficina de Abanca

xa que, seguindo a liña que mantén noutras localidades, Abanca anunciou a redución do servizo de atención aos veciños deixando só dous días para atender ao público. Os veciños reclaman ao Concello e ás asociacións veciñais tamén a súa intervención para que volvan ao horario anterior.

**FEIRA DO MONTE.** Continuando coa política que está a seguir en toda Galicia, Abanca reduciu os horarios de apertura da oficina que ten en Feira do Monte.

Esta atenderá só os luns e xoves en horario de 8.15 a 14.15 horas e o resto do tempo farano en Muimenta

con cita previa.

Os colectivos locais manifestaron o seu malestar por esta situación e esixen o mantemento do servizo no horario que ten habitual. Alegan que no Concello hai maiores, comerciantes e empresarios que necesitan ter esta disponibilidad.

Pola súa banda, os socialistas presentaron unha moción no Pleno para que o Concello lle solicitara a Abanca que abran igual que antes, aínda que xa comezaron a traballar co novo horario. Esta foi aprobada por unanimidade pero o feito de ter a de Muimenta en horario completo é a xustificación que deron para o recorte horario.

## Guitiriz acolle a entrega de diplomas da UNED Sénior



Acto de entrega de diplomas da UNED Sénior

Cun aforo limitado de 100 persoas, 97 alumnos da Uned Sénior A Coruña das aulas de Guitiriz, Xermade, Monfero, Aranga, Paderne, Lousame, Brión e outros concellos do programa, gozaron dunha reunión de fin de curso.

O alumnado máis veterano do centro, procedente das diferentes aulas que o programa Sénior da Coruña ten por toda a provincia, reuniuse en Guitiriz para recibir os diplomas deste curso 2020-21. O acto, que contou coa presenza de Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz e de Luís Rodríguez Patiño, coordinador da UNED Sénior da Coruña, así como representantes dos concellos de Lousame e Guitiriz, comezou ás 12:00 e alonxouse ata as 17:30 horas.

A alerta sanitaria tamén fixo que este acto fose particular, cambiando o protocolo de cerimonia anteriores. Así, o alumnado permaneceu sentado, sendo os representantes políticos os que se achegaban a cada persoa para entregar o diploma e felicitalos polo labor realizado durante este curso marcado pola pandemia. Aproveitando que o día anterior conmemorábase o Día dos Avós, o alumnado presente realizou unha serie de lecturas de homenaxe e durante a tarde, nos xardíns do complexo, tivo lugar a actuación musical das distintas aulas de música, aproveitando a presenza de alumnado e profesorado que se desprazou a Guitiriz desde os seus respectivos concellos.



Os alcaldes supervisaron as obras xunto aos técnicos

## Rematan as obras da estrada que une Bretoña e Riotorto

A Xunta de Galicia investiu 150.000 euros na mellora da estrada de titularidade municipal que conecta os núcleos de Bretoña, na Pastoriza, e As Rodrigas, en Riotorto. A actuación foi executada ao abeiro do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR) da Consellería do Medio Rural.

Renovouse o firme nun tramo de tres quilómetros de lonxitude cun ancho variable de entre 4,20 e 4,40 metros; elimináronse as fochancas e aplicouse unha capa de regularización antes de estender a nova capa

de rodadura de mestura asfáltica en quente. Os traballos tamén incluíron a limpeza e apertura de cunetas e o repintado da sinalización horizontal. Ademais, no punto quilométrico 0,8 -no municipio de Riotorto- corrixiuse o trazado dunha curva para mellorar a visibilidade e afastar o eixo da estrada do terraplén da marxe esquerda, revestíuse con formigón un tramo de 98 metros nesta zona para evitar que a auga siga socavando a ladeira e instalárase unha barreira de seguridade en 40 metros.

## Comezamos o servizo de atención temperá de Vilalba, Guitiriz e Xermade

Xa está en marcha o Servizo de Atención Temperá para a atención integral a nenos e nenas de 0 a 6 anos de idade, que se realiza de xeito conxunto entre os concellos de Vilalba, Guitiriz e Xermade.

En Guitiriz, a atención lévase a cabo na aula multiusos do Telecentro (planta baixa). Os usuarios ou usuarias terán que ser derivados polo servizo de pediatría do Sergas e haberá que pedir cita previa no teléfono 618 752 574. Guitiriz con-

tará seguinte persoal: un terapeuta ocupacional (martes de 10 a 15 h. e venres de 15:30 a 20:30 h.), un logopeda (luns de 16 a 20 h., mércores de 10 a 14 h. e venres de 16 a 19:30 h.) e un fisioterapeuta (martes de 15:30 a 19:30 h.).

A atención temperá enténdese como o conxunto de intervencións, dirixidas á poboación infantil, á familia e á contorna dos menores que teñen por obxecto dar resposta ás necesidades transitorias ou perma-

nentes que presentan as crianzas con trastornos no seu desenvolvemento ou en risco de padecerlos.

En Vilalba, están xa a contactar coas familias para citas, co obxectivo de comezar a traballar o antes posible cun equipo interdisciplinar formado por 3 profesionais en logopedia, terapia ocupacional e fisioterapia.

En Xermade tamén iniciaron o procedemento para comezar a atención personalizada das familias que necesitan deste sistema de apoio.

**REPRESENTACIONES CABARCOS**

**TODO EN ALIMENTACIÓN**

Refrigerados y Congelados

Polígono Industrial, P. 47 B - 27800 Vilalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com

## AGRO

## Alertan da situación “crítica” das explotacións leiteiras pola suba da luz

Agromuralla califica de “crítica” a situación pola que atravesan a maioría das explotacións leiteiras galegas debido á “suba desproporcionada” que nos últimos meses se está a producir en insumos básicos como o penso para a alimentación do gando ou o recibo da luz e esixe ás Administracións “que adopten as medidas necesarias para garantir a viabilidade e continuidade dun sector estratéxico para o conxunto de Galicia”.

Denunciaron o “pasotismo” tanto da Xunta como do Ministerio diante da situación das ganderías, que na ac-

tualidade, e cos prezos que pagan as industrias, non cubren os custos de produción. “Os gandeiros estamos perdendo cartos todos os meses, tirando de aforros para seguir adiante, pero se a situación non cambia moitas explotacións veranse obrigadas a pechar, despois de ter feito importantes investimentos nos últimos anos”, asegura.

Por iso, urxe a que “dunha vez por todas a que interveñan para que o prezo que cobran os produtores sexa xusto e permita “vivir con dignidade no rural”.

## Amplían as axudas á apicultura

A Consellería do Medio Rural incrementou o importe das axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos de apicultura cunha dotación de 575.026 euros. Esta ampliación eleva finalmente o importe global a preto de 1,3 millóns de euros, o que supón un aumento de case o dobre do orzamento do ano pasado.

Estas subvencións son posibles grazas á incorporación tanto de fondos propios da Xunta como do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga). A repartición

da Unión Europea e do Estado faise en relación ao número de colmeas existentes en cada territorio, que en Galicia superan as 200.000.

Así, as axudas dispoñen de seis liñas de subvención diferentes: para a asistencia técnica (dirixida só a agrupacións de apicultores), para a loita contra as agresións e enfermidades da colmea, para a racionalización da transhumancia, para medidas de apoio aos laboratorios de análise de produtos apícolas co obxectivo de axudar ás persoas apicultoras a comercializar e a valorizar os seus produtos.

ELISARDO BARCALA



Web: [www.ebarcala.com](http://www.ebarcala.com)  
Facebook: @ebarcala

## Abre o prazo das axudas para a mellora de servizos no rural

A Deputación de Lugo abriu o prazo para solicitar as subvencións do programa de Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, unha nova iniciativa da institución provincial para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas do rural que conta cunha dotación económica de 300.000€. Trátase dunha liña de axudas de concorrencia competitiva á que, tal e como informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, poderán optar durante un mes -ata o vindeiro 28 de agosto- as entidades asociativas da provincia, segundo aparece recollido no Bole-tín Oficial da Provincia (BOP) do día de onte, 27 de xullo, cando se publicaron as bases do programa.

Poden pedir estas axudas, que oscilarán entre os 1.000 e os 6.000€, entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e



usuarias de augas, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais da provincia para realizar investimentos en inmobles ou para equipamentos que sirvan para mellorar a calidade de vida, e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

### ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

Entre as actuacións subvencionables atópase a mellora, adecuación do firme ou sinalización de vías públicas comunais e os seus accesos; as obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade; adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade; obras novas de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de augas comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas; construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, así como das súas captacións, canalizacións e acometidas; e obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.

## Queimaduras solares en mascotas

### APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

**H**oxe imos falar dun risco case descoñecido nas nosas mascotas, as queimaduras de pel polo sol.

Tomar o sol de maneira excesiva provoca danos na pel e os seres humanos non son os únicos que teñen que controlar a exposición aos raios solares: as mascotas tamén sofren este risco. Os cans e gatos con pelo branco, claro ou fino corren un risco máis elevado así como os que teñen o pelo curto.

A menor pigmentación da pel maior é a sensibilidade cara as radiacións do sol. Para cans e gatos isto aplícase en particular a aquelas partes da pel están expostos de xeito regular ao sol como son as orellas, a ponte do nariz, a pel ao redor dos ollos e as costas. Tamén cabe destacar aos animais que lles gusta expor á pel da barriga, que é xeralmente desprovisto de pelo, quedando exposta aos raios do sol, aumentando o risco de queimadura solar.

Os animais domésticos con pelame branca ou curta corren un

risco especial de queimaduras solares. A razas dogos arxentinos, dogos brancos, dálmatas, boxers, lebreles, sabuesos e gatos brancos ou multicolores con manchas brancas na a pel son moi sensibles á luz, especialmente na cabeza. No verán os animais rapados con pelo poden ter o mesmo problema. O pelo excesivamente curto non impide que os raios UV penetren ata a pel sensible e causen queimaduras.

Cans e gatos sen pelo son naturalmente máis sensibles ao sol, xa que carecen da protección natural que ofrece o pelo. Tamén neste caso, con todo, a pigmentación da pel xoga un papel, e os animais máis escuros son menos vulnerables aos raios UV. Os propietarios de razas vulnerables deberían ter especial coidado para protexer aos seus animais do sol. Como regra xeral, os animais deben ter un lugar con sombra para tomarse, abrigo ao mediodía, cando o sol está en máis forte e presenta un risco máis grande, non só para a pel, senón en xeral para o animal (golpes de calor e a deshidratación).

Os animais particularmente sensibles requiren protección solar en forma dun protector solar específico para mascotas resistente á auga

Algunhas enfermidades e defectos xenéticos poden facer que a pel sexa máis sensible ás queimaduras solares. Calquera estímulo máis a longo prazo que se traduce nunha perda da pel é un posible factor de sensibilidade ao sol. As infeccións parasitarias poden causar, condicións crónicas da pel, conxénitas ou non. Nalgúns casos, a exposición ao sol pode empeorar unha condición existente. Os animais con enfermidades da pel autoinmunes deben ser coidadosamente protexidos do sol.

E áreas da pel cuberta por pelo que de súpeto se expoñen ao sol pola perda de pelo, como pode o tecido da cicatriz despois dunha operación ou lesión, debe observarse e protexerse coidadosamente segundo sexa necesario.

En gatos e cans, os resultados das queimaduras solares producen unha inflamación aguda da pel, puidendo causar picazón ou mesmo dor. As queimaduras solares frecuentes poden conducir a condicións pre-cancerosas ou mesmo, tumores da pel. O tumor máis común é o carcinoma de células escamosas sobre todo nas cabezas de cans brancos e gatos ao aire libre, como resultado da exposición crónica ao sol. A única maneira de tratar as zonas afectadas da pel é a extirpación cirúrxica.

## DEPORTES

# O Vilalbés inicia a tempada

Lamas configurou un equipo no que prevalencen as renovacións

O Rácing Vilalbés deu inicio á pretempada no estadio da Madanela e xa co equipo conformado para unha etapa en Terceira División, que agora pasa a denominarse Terceira RFEF. O conxunto da tempada 2021/22 saíu ao céspede con moitas caras coñecidas xa que renovou unha ampla marxe dos xogadores, Javi Rumbo, López, Vérez, Buyo, José Varela, Javi Varela, Make, Anxo, Dani Pedrosa, Ángel Casanova, Cuadrado e Rares.

Todos eles volven poñerse ao mando do equipo técnico que dirixe un ano máis Simón Lamas, e do que tamén forman parte Kike Sanfiz, Jandro, Viusky, María e Manolo Lamas. O Vilalbés presenta tamén seis fichaxes que fan a suma total de 17 xogadores este ano, cando o pasado había 20. A a estes hai que engadir tamén os rapaces dos equipos de base, 8 xuvenís e 1 cadete. As fichaxes deste ano son as do porteiro Anxo Fraga, que procede do Polvorín; o central Jorge Tomei, do Arzúa; o mediocentro Alberto Novoa, do Somozas; o extremo Diego Vela, do Bergantiños; o mediapunta Javi Rey, do Viveiro, e o dianteiro Adrián Otero, proceden-



O novo equipo do Rácing Vilalbés, na súa presentación oficial

te do Paioasaco.

Ademais, o xuvenil Cadra seguirá un ano máis no primeiro equipo e a el sumaranse Gabri, xuvenil de terceiro ano, e Noel Teixeira, xuvenil de primeiro. Ademais, tamén farán a pretempada o porteiro Édgar, o lateral esquerdo Marco, o medio-centro Diego Ferreiro, o extremo lago Buján e o dianteiro lago Neira. O Vilalbés programou varios amigables para este verán, que comezaron co duelo co Deportivo. Pero tamén xogaron co Polvorín, o Lugo xuvenil e continuarán co Fabril, o Arteixo, o Somozas e o Betanzos, todos en campo alleo. Os partidos como locais serán a finais do mes

de agosto contra o Arenteiro e o Bergantiños, entre outros.

**INSCRIPCIÓN.** O Rácing Club Vilalbés abriu o prazo de inscrición para a tempada 21/22 para todas as categorías que ten de fútbol base, que van dende biberón ata xuvenil. Os interesados en apuntarse ao club para o próximo curso deberán facelo na oficina situada no estadio Roca en horarios diferentes dependendo do mes. Así en xullo estará aberto de 11.00 a 13.00 horas e en agosto de 10.00 a 13.30 horas.

Os interesados en obter máis información poden facelo no 661 049 270 e preguntar por Freire.

### EN BREVE

**RUGBY.** O Fendetestas das Pontes organiza este ano a IV edición do Campus de Rugby, que terá lugar do 23 ao 27 de agosto, cita que non se celebrou o ano pasado por mor da pandemia. O prazo de inscrición para o mesmo xa está aberto e este remata o 6 de agosto. Este Campus de rugby está dirixido aos máis novos de entre 6 e 16 anos, e levarase a cabo no campo artificial O Poboado. As sesións irán das 10:00 ás 14:00 horas e os interesados en participar deberán facelo dirixíndose ao correo campus@crfendetestas.com.

**ATLETISMO.** No Campeonato Galego absoluto de atletismo, o atleta do club friolés Cristian Montecelo, concretamente na proba dos 800 metros lisos logrou a sexta plaza cun tempo de 1,56 minutos. Con este resultado, Cristian pon fin a súa temporada, onde ademais deste sexto posto hai que engadir o quinto posto na tempada de pista cuberta, o que instalada de novo o atleta de Friol na élite do atletismo galego despois de dous anos de ausencia das pistas.

## Éxito no torneo de fútbol burbulla de Baamonde



Comida dos participante no torneo

Cumprindo todas as normas sanitarias, coa limpeza das burbullas entre cada encontro e a máscara obligatoria en todo o recinto deportivo do Cercud de Baamonde, celebrouse a quinta edición do torneo de fútbol burbulla. Un total de 19 equipos de distintos puntos da provincia de Lugo e da Coruña participaron neste singular evento, no que tamén houbo un representante de León. O torneo deu comezo as 9:30 horas

e cada 15 minutos ían rotando de partidos. A media mañá os xogadores poideron degustar unhas galletas para coller forzas e continuar os partidos ata chegar á vintena deles as 14:30.

Depois da parada para xantar onde retomáronse ata chegar a final ás 21:30. O equipo Brugal O Silbato, da Coruña, levouse a quinta edición do Torneo, despois de gañar por 3 goles a 2 ao Penal 9.5, un dos 4 da Peña de árbitros 9,15 de Lugo.

## O CD As Pontes muda totalmente o equipo

O CD As Pontes quedou fóra da Terceira División o ano pasado ao non poder superar a fase de permanencia da categoría. Deste xeito o equipo coruñés volve a Preferente, categoría que deixara no 2019. Para esta nova tempada o club presentou o que será o novo adestrador do primeiro equipo. Rafael Casanova, natural de Friol, de 39 anos, tomará as rendas do equipo logo dunha contrastada experiencia como adestrador de categorías inferiores do Ribadeo FC, equipo no que posteriormente daría o salto ó equipo senior colleitando resultados moi meritorios.

O friolense Rafael Casanova cambiou totalmente o equipo. Así, comunicou a baixa de 17 xogadores, Adrián Martínez, Álex López, Artai Miraz, Borja Pita, Breijo, Dani Paxaro, Mitogo, David García, Bugy, Moya, Óscar Martínez, Pablo Fraga, Quique e Rubén Pardo. Ademais, finalizan o seu período de cesión Álex do Río (Rácing de Ferrol), Brais Vázquez (CD Lugo) e Iñaki Leonar-



Rafael Casanova

do (Rácing de Ferrol). Si renovarán tres, Berto, Paco e Vilela.

Por outra banda, tamén comunicou a chegada de once xogadores novos procedentes de equipos da comunidade autónoma. David Otero, do Santaballés, Dani Bellas, do Somozas; Toni Rodríguez, do Murgardos; Aitor Moreda, do Vilalbés; Javi Rey, do San Tirso; David Yáñez, do Cedeira; Brais Mariño, do Boimorto, e Martín Traba, da Sarriana. Ademais, únense Edgar López, que ascende dende o equipo xuvenil, e Sergio Criado e Iván Pérez.



Castro e Alvariño, nun torneo anterior

## Alvariño, campión de España absoluto mentres Castro cae na primeira volta dos Xogos de Tokio

O seteiro pontés Miguel Alvariño proclamouse campión de España absoluto de tiro con arco. Gañou o round con 678 puntos e nas semifinais e final por un contundente 6/0. A segunda posición foi para Yun Sánchez e o bronce foi para José Manuel Soleira. Finalmente, a cuarta praza ocupouna Ken Sánchez, mentres que Pablo Acha quedou eliminado nos cuartos de final.

O seteiro estreou para esta competición arco, para solventar os problemas sufridos nos últimos

meses e pasa agora a utilizar a marca americana Hoyt.

Mentres tanto, en Tokio, o tamén pontés Dani Castro, que representaba a España nos xogos olímpicos, non logrou clasificarse para a competición por equipos mixtos, ao rematar no posto 21.

Días máis tarde, no apartado individual, Castro dixo adeus á súa primeira participación nos xogos ao caer na rolda de treintaidosavos de final ante o chino Chung-Heng Wei por 6-2 malia comezar o pontés co marcador do seu lado.

# COLABORACIONES

## Vinte e cinco anos

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**A** sí é. Conmemórase por estas datas un cuarto de século, tal e como diferentes medios, desde a radio e televisión ata a prensa, nolo lembran, da apertura do tramo de autovía entre as localidades de Baamonde e Monte Salgueiro, que con máis de vinte quilómetros, resulta ser o máis longo da devandita infraestrutura dentro de Galicia. Aínda habería que agardar uns meses máis para esta obra, a chamada A 6 unise por completo

as cidades herculina e a das murallas. Non era sen tempo, xa que as peculiaridades do chan no municipio de Begonte, onde a presenza das daquela nada coñecidas Lagoas de Rio Caldo, así como os misteriosos Pozos do Olla, que tan só tiñan presenza entre os veciños máis próximos, retrasaron considerablemente o remate definitivo dos traballos. Os enxeñeiros tiveron que agudizar o enxeño e aplicarse ben para que o formigón non fose tragado pola terra e os pilares se asentasen de maneira definitiva e segura.

Nesta columna tense comentado en diversas ocasións sobre as vías de comunicación na nosa Terra, recalcando o déficit considerable

que sempre existiu, especialmente na provincia de Lugo, en concreto na Chaira. A infrautilización dos camiños de ferro, mellor dito, do camiño, xa que só existe unha liña, e a tardanza na finalización das novas estradas proxectadas, resultaron ser un lastre para o desenvolvemento e progreso das nosas entidades de poboación. Por iso, de grande alegría e satisfacción foi a nova á que estamos a referirmonos. Como moitos outros avances, botando moito a vista atrás –ou non tanto–, chegou tarde. Aínda así, cómpre destacar a incidencia, en xeral positiva da autovía A 6 nos municipios chairegos por onde descorre. De xustiza é recoñecer a grande área

industrial que abrangue desde Outeiro de Rei ata Guitiriz, cuns polígonos e áreas de servizos nos cales, paseniño, foron asentándose empresas que xeraron postos de traballo na zona, un valor engadido para o progreso das comunidades. E non soamente iso, senón que contribuíu a aliviar a elevadísima densidade de tráfico que soportaba a tradicional Nacional Sexta. Tamén é certo, debendo suliñarse, que algúns negocios se viron afectados por esa desviación de vehículos que atravesaban os núcleos urbanos. Son os danos colaterais que sempre conleva o progreso. No saber reinventarse e adaptarse ás novas circunstancias, estivo a clave

da continuidade de moitos deles e incluso en casos, a mellora.

Un lembra aqueles anos en que se construíu a autovía e na principal consecuencia inmediata, que non foi outra que unha inxección económica para os concellos, derivada do considerable número de veciños que se empregaron.

En fin, parece que foi onte, pero non, xa van aló un par de décadas. Abofé que nos conformamos con ben pouco, pero é que viñamos da nada, polo que nos sentimos daquela moi ledos da obra en cuestión. Anos máis tarde, entraría en funcionamento a autovía que nos une con Ribadeo e o Cantábrico. E moito máis fai falta. Pouco a pouco, adóitase dicir. Boa verdade.

## Onde vai o cativo?

### A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

**F**oi nunha mañá de 1942. Un domingo, 18 de xullo. Mentres a prensa do Movemento anunciaba a promulgación da Lei Constitutiva das Cortes Españolas, esa mesma xornada os partidarios do réxime celebraban en vilas e cidades o sexto aniversario do chamado “Alzamento Nacional”, que tamén cadraba no “día do señor”, exactamente igual que en 1936. Na outra cara da moeda, boa parte da sociedade non esqueía que o golpe de estado promovido por Franco e os seus secuaces fora unha manobra funesta para a democracia, que remataría con todos os logros conseguidos durante a Segunda República: reforma agraria, dereitos laborais, educación, sufraxio universal, incorporación total das mulleres á cidadanía, liberdades individuais... Por riba de todo, impúxose o “espírito nacional” coa convivencia do clero oficial, consentidor da barbarie e da brutalidade da “cruzada”. Un integrista relixioso de primeira categoría.

O ano anterior, a alcaldesa Mercedes Ramudo cedera o bastón de mando do Concello de Vilalba a Xosé Novo Cazón, quen prolongaría o seu mandato até 1952. Polo que comentaban os veciños,

o seu ton era bastante máis conciliador, tratando de favorecer unha convivencia sen demasiados sobresaltos. Aquel domingo de 1942, en plena celebración fascista, había un certo boureo na capital chairega, polo que o meu avó decidiu abrir as portas do ultramarinos precisamente con esa desculpa, que lle serviría para xustificar a súa ausencia nos fastos locais, onde moitos falanxistas se perturbaban con “vivas” a Franco e berros desaforados de “Arriba España!”, tras zorregarlle ao corpo unhas cantas cuncas de viño e varias copas de augardente, coñecidas popularmente como “perritas”. O sentido común aconsellaba que o mellor era ficar na casa.

O Chavito contaba catro anos e, naquel barullo de conmemoración imperialista, antes de acudir á misa das 12 coa súa nai e os seus irmáns, estaba a xogar ás quedas pola tenda e polos arredores da casa cos meus tíos Mario e Cándido. De súpeto, ocorréuselle a idea, para que non o atopasen, de agacharse na esquina da rúa Xardíns coa Porta de Cima. Ao verse no recanto, debeu matinar que por aquel camiño baixaba acotío a súa nai, cando se achegaba buscar auga na fonte das Donas. Así que, nin curto nin preguizoso, por alí tiorou. Tras chamalo e buscalo varias veces, e como non o atopaban por ningures, fóronlle coa lea ao meu avó Mario Xosé, quen, ao velos vir con xesto de preocupación, de



seguido preguntou: “Onde vai o cativo?”. Tras máis dunha hora de procura polos arrabaldes, divisaron de lonxe á tía Xosefa co pícaro da man. Atopárao unha veciña á altura dos Catro Camiños e recoñecerá. A sensación de perigo inminente provocada pola diabrura quedou finalmente en nada, para tranquilidade da familia. E serviulle aos pequerrechos para librar do oficio relixioso sen pretendelo. A Porta de Cima era daquela a verdadeira arteria comercial do pobo, a antiga rúa Maior que despois sería renomeada como Xeneral Mola. Para a veciñanza, a rúa dos Paxaros (ou das Aves, que diría Miguel Barrera). E así foi durante os seguintes lustros, nos que chegou a concentrar ducias de negocios familiares. Por exemplo, a fonda do Cerillas (onde están agora os chineses), a carnicería do Estrello, as oficinas da construto-

ra de Pepe Gayoso e Vicente Paz Cascudo, as vellas Lutas coas súas roscas atadas con vimbios, a Casa de María Mediadora (doazón da familia de don Eliseo, o médico), a panadería dos Guapitos e tamén o forno do Picheiro, a oficina da contribución (e nos altos, a xastrería do Paxariño), a casa de Seguros Santa Lucía, o paraugueiro Ceferino (que viñera de Ourense), a panadería da señora Elena do Calexo (que non vendía alí, pero si o facía nas feiras), o Demetrio (provedor de trigo, centeo, etc.), a taberna do Guerra, a carnicería do Magín (na casa dos Grañas), a barbería de Eugenio Taraxal, a tafona do señor Benigno, a froitería do Roca, a zapatería do Marcelino (que tocaba o tamboril no cuarto de Brisas do Rañego), a taberna da Xosefa da Roma, os tecidos de Casabedra (co seu lema “Vendo barato porque me da la gana”), a

leitería do Cándido, a xamonería dos Acisclos, a froitería do Castro, as mercerías da nai do Marano –a Graña– e a do Enanito, o ultramarinos e taberna do Manuel da Generosa, a tenda do Cendán, a carnicería do Constante, a carpintería dos Guntíns, a ferraxería Ramudo... Até a mesma fronteira da Praza da Igrexa, que limitaba coa xastrería do Casiano e a barbería do Severino.

Chegando ao ecuador da Segunda Guerra Mundial, na que moitos republicanos depositaran as súas esperanzas de cambio, o ano 1942 rematou cunha crecente campaña propagandística en prensa e radio, ampliándose ao cinema coa proxección por vez primeira do NO-DO en vésperas do Nadal, que ofrecía novas e documentais segundo o punto de vista da ditadura franquista. Un noticiero para manipular mentes que acompañaría aos cidadáns durante cáseque corenta anos, pois foi obrigatorio até xaneiro de 1976 e voluntario até 1981, cando a democracia recuperada sufriu unha nova tentativa golpista. Fracasado o levantamento, o NO-DO foi suprimido polo Goberno malia á teima dos nostálgicos da España en branco e negro, os auténticos organizadores do esquecemento forzoso, que na actualidade reaparecen no escenario con teorías revisionistas fomentadas polos grupos políticos de dereita e ultradereita.

# Que os cochos da guerra deixen a Cuba en paz

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**A** miña relación, o interese e admiración pola illa caribeña ven desde moi cedo, pois miña nai naceu no barrio habaneiro de Vedado e alí miña aboa Felipa aprendeu de comadroua para logo salvar moitas vidas nos Vilares de Díaz Castro e noutras parroquias veciñas. Desde neno fixen un seguimento das mentiras que a prensa contaba da guerra revolucionaria e do seu triunfo, en xaneiro de 1959. Despois alédábame cos logros en emancipación, igualdade social e desenrolo humano, pero sempre me asombrou a súa solidariedade con outros pobos mais necesitados, ao mandar miles de mestres e 145.000 médicas e sanitarias a mais de 74 países de África, América, Euro-Asia e Oriente Medio, levando a Cuba rapaces e rapazas deses pobos para que estuden gratuitamente medicina na Universidade da Habana e que logo regalen saúde e vida ás súas xentes.

Sen buscalo, esa revolución ten como inimigo principal ao imperialismo ianqui, "os cochos da guerra" (como lles chama o historiador estadounidense Stuart D. Brandes) e aos seus lacaios dalgúns países capitalistas, monicreques dese imperialismo asasinero e criminal que a bloqueou desde o seu triunfo, xa fai mais de 60 anos. Afirmán eles, e os seus medios de desinformación repiten ata a saciedade, que se trata dunha ditadura, pero nunca se viu unha ditadura que sexa solidaria cos países mais necesitados, empregando nesa tarefa unha parte dos seus limitados recursos, nin nun país que quere instruír á súa sociedade para que ata os nenos teñan capacidade de pensar por si mesmos. Nunca vin un estado ditatorial que aposte por un dos mellores sistemas gratuitos e universais do mundo en ensino e saúde. Iso amósanos que os seus gobernantes poñen en valor á humanidade enteira e a vida das persoas, ante os intereses económicos e das grandes multinacionais. Nada que ver co desapiadado sistema ianqui no que a xente morre na rúa si non pode pagar un seguro sanitario. Nunca saíu tampouco, na Cuba revolucionaria, un tanque para enfrontarse ao seu pobo; nunca a policía utilizou balas (nin sequera



de goma, que mataron a tantas persoas e tantos ollos rebentaron nesta democracia borbónica á turca) nin utilizaron canóns de auga, botes de fume ou gases lacrimóxenos para disolver manifestantes, como fan aquí. Sen embargo, este tipo de democracias represivas e ditaduras fascistas disfrazadas de democracias son postas e protexidas polo imperialismo en Colombia, Honduras, Chile, Brasil, Haití, Xamaica e outros pobos do seu "patio traseiro", por iso, a pesar dos miles de asasinatos e masacres policiais, non protesta a prensa corporativa nin os seus lacaios da OEA, da UE ou da submisión ONU. Pero non, en Cuba o presidente Díaz Canel mandou saír á rúa á poboación, para demostrar que son unha gran maioría os que están coa revolución e para que non tivera que intervir a policía ante os actos vandálicos e as pedras que lles tiraban os manifestantes. Non se pode alcumar de ditatorial a quen loita pola emancipación, pola igualdade, pola ciencia e o desenrolo humano, pero Cuba é unha "ditadura" que manda mestres e médicas a outros países pobres para loitar pola cultura e pola vida, mentres a "democracia" ianqui mándalles bombas e soldados que causan terror, morte e destrución.

O goberno reconece os problemas causados polo bloqueio, pero os manifestantes non reivindicán a forma de solucionarlos, senón temas políticos: "democracia, liberdade e a dimisión do goberno socialista", baixo o lema "SOS Cuba" e a bandeirola, inventada e aportada aos manifestantes por Rosa María Payá, filla de Oswaldo Payá, que morreu en Cuba o 22 de xullo de 2012 nun accidente por exceso de velocidade, nun coche que conducía o secretario xeral de "Nuevas Generaciones" do PP, Ángel Francisco Carromero Barrios, e do que ela culpou ao Goberno

Cubano. Propietaria da poderosa ONG, "Fundación para la Democracia Panamericana", financiada polas elites neoliberais e polo Goberno de EE.UU, os cochos da guerra, que impoñen as ditaduras mais criminais nesos países e subvencionan os golpes de estado onde hai gobernos populares e democráticos que non son do seu agrado. Por iso non se trata dun movemento espontáneo, senón ven organizado, pois non había unha algarada na que non houbera bandeiras deseñadas por Rosa María.

O movemento desestabilizador vai mais alá das pequenas algaradas e ten como obxectivo outros proxectos de mais calado que procurar o benestar do pobo cubano. Mais ben todo o contrario, pois o alcalde de Miami, Francis Suárez, xa pediu ataques aéreos estadounidenses contra Cuba mentres premia para unha intervención militar que forzase un cambio de réxime na illa. Nunha entrevista na televisión Fox News, pediu ás forzas estadounidenses que bombardearan A Habana, poñendo exemplos anteriores da chamada "intervención humanitaria", pero sen citar os regueiros de morte e destrución que deixaron en Bosnia, Irak, Siria ou Libia. Menten coma toda a dereita fascista, esaxerando as protestas con fotos sacadas en Exipto como si fora o Malecón; da "Diada" de Catalunya, como si fora o Paseo José Martí; que Raul Castro se escapara para Venezuela e fotos da poboación revolucionaria aparecen nos medios como contrarias ao goberno. Esta que acompaña o artigo foi publicada, entre outros, polos diarios El Mundo e El País, o que me fai pensar que, ou nos toman por tontos, ou o odio a Cuba non lles deixa ver as faixas do Movemento "26 de xullo" que delatan as súas mentiras e a súa ruindade.

## a elección de...




**Cristina Franco**  
Concelleira de Cultura no Concello de Muras

un libro




Los pilares de la tierra de Ken Follett

unha película



Amélie

un lugar para visitar




A Toscana

unha comida



Chocos en salsa e tarta de cenoria

un disco




Calquera de Love of lesbian

un personaxe histórico



Rosalía de Castro

unha afección



O teatro e montar a cabalo

unha bebida



Un vermú ao sol con boa compañía

Consulta os eventos en:  
[www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)

## TAHONA CURRÁS

### HORARIO

|  |  |
|--|--|
| <p><b>San Roque</b></p> <p>Lunes a viernes<br/>8.00 a 14.30<br/>17.00 a 21.00</p> <p>Sábados/domingo feira<br/>08.00 a 14.30</p> <p><b>982 510 062</b></p> | <p><b>Novo Cazón</b></p> <p>Lunes a viernes<br/>9.00 a 14.00<br/>15.30 a 20.30</p> <p>Sábado<br/>09.00 a 14.00</p> <p><b>620 417 383</b></p> |
|--|--|

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A contorna natural dos Sete Muíños de Guitiriz

**E**n todo o Concello de Guitiriz abundan os muíños de auga por iso este municipio tamén ten a distinción xunto ao seu nome de Terra de auga e de pedra, xa que son innumerables os seus recursos patrimoniais e naturais que fan del un lugar con encanto. A auga está pola súa riqueza fluvial, destacando as súas augas curativas, mentres que a pedra pódese atopar en gran parte do territorio. Esta última tamén viaxou máis aló dos límites de Guitiriz, sendo empregada en grandes obras.

A un quilómetro do centro urbano da vila atópase un dos lugares máis emblemáticos da provincia de Lugo e sobre todo do verán, o sendeiro coñecido como Os sete muíños, chamado así porque conta con sete muíños situados á beira dos ríos Escádebas e Forxá.

Nesta zona destaca a vexetación autóctona da ribeira e carballos de gran riqueza así como unha



Piscina natural

área recreativa que conta cunha piscina natural que leva o mesmo nome e que foi feita aproveitando o curso do río.

Este fermoso espazo tamén ten unha senda fluvial sinxela que bordea o río nun percorrido de

case 9 quilómetros e que é perfecto para facer con nenos que xa camiñen, enteiro ou en tramos.

Conta con muíños de auga desde onde baixa en forma de cascada e tamén cun pequeno par-

vestixios do que foron no pasado e dos seus traballos. Están construídos con mampostería de granito local e cubertos a dúas augas con pizarra. Este é un lugar para disfrutar todo o mundo, tanto pequenos coma

grandes.

Nos Sete Muíños tamén está situada a piscina municipal climatizada con paneis solares, así pódese escoller entre darse un baño nas augas fresquiñas da piscina natural, ou nas máis quentiñas da municipal. Os máis pequenos poderán darse un chapuzón e disfrutar do bo tempo.

Este roteiro está sinalizado pero ten tramos con moito barro o que quere dicir que se choveu nos últimos días é posible que haxa bastantes dificultades para levala a cabo. E en calquera caso hai que ir con botas de montaña, tanto nenos como maiores, para evitar incidentes.

Se o roteiro faise durante o verán haberá que ter en conta as temperaturas na zona pois adoitan ser bastante elevadas, e xunto ao río hai moita humidade. É imprescindible levar auga para o camiño e, se se fai con nenos lembrar sempre levar algo para comer.



Fervenza da piscina natural

**Un roteiro moi tranquilo onde escoitar aos paxaros e disfrutar da natureza que o rodea**

que infantil e mesas para facer un picnic. Se se continúa andando pódese gozar dunha zona con enormes pedras cubertas de musgo, varios muíños e unha pequena fervenza.

Alguns destes muíños atópanse en desuso aínda que conservan



Unha vista dun sendeiro cun muíño

# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

## Cursos y Certificados

formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
 Telf.: 982 51 36 05